

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 7 de novembro de 2014**

**ASISTENTES:**

**NON ASISTEN:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día sete de novembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1241).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e dúas extraordinarias e urxentes do 24 de outubro de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(1242).-DAR CONTA DE SENTENZAS, AUTOS E DECRETOS:**

Dáse conta das seguintes Sentenzas e Decretos remitidos por Asesoría Xurídica:

a) Expte. 8078/111.Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 165/2013 P.O. Demandante: POPULAR BANCA PRIVADA S.A. Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo do 22-3-2013. Requirimento de información da Inspección de Tributos. Expte.: 3226/550 (e 1315/515). Desestimado o recurso.

b) Expte. 8677/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 163/14 P.A. Demandante: D. JAVIER VIDAL REY. Obxecto: Resolución do 2.4.2014. Reclamación patrimonial administrativa, danos en vehículo na súa retirada o 12-3-2013 pola grúa municipal ( Expte.: 4048/243) Desestimado o recurso.

c) Expte. 8283/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 282/2013 P.O. Demandante:ASOCIACIÓN VIGUESA POLA MEMORIA HISTÓRICA DO 36. Obxecto: XGL 1-3-2013. Resposta ao exercicio do dereito de petición (Cruz do Castro). Art. 15.1 da L 52/2007. Estimado o recurso.

d) Expte. 8080/111.Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 180/2013 P.O. Demandante: CONCELLO DO PORRIÑO. Obxecto: Resolución do 2.5.2013. Inadmisión de reposición contra liquidación de ingreso público (auga) (nov-dec 2012). Expte.: 1869/500/13. Estimado o recurso.

e) Expte. 8658/111.Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 151/2014 P.A. Demandante: D. CÉSAR A. HERMO CARRO. Obxecto: Resolución do 10.2.2014 do TE-A do Concello de Vigo. Constrinximento sanción de tráfico. Expte.:21739/700 e 3420/550. Desestimado o recurso.

f) Expte. 8393/111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 15/2014 P.A. Demandante: D. CARLOS LEIRÓS ORGE.Obxecto: XGL 14-2-2014. Reclamacións retributivas (funcións de categoría superior). Desestimado o recurso.

Sentenza do TSXG, Sala do C-A, Sección 1ª, no rec. Apelación nº 233/2014 interposto por D. CARLOS LEIRÓS ORGE contra a devandita Sentenza. Desestimada a apelación do actor.

g) Expte. 8717/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 202/14 P.A. Demandante: Dª DIGNA TÁBOAS FARO. Obxecto: Resolución do 25 de xuño de 2013: inadmisión. Reclamación patrimonial administrativa, caída na R. Aragón o 5.3.2011. Expte.: 4108/243. Desestimado o recurso.

h) Expte. 8715/111. Setenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 238/14 P.A. Demandante: Dª M. CARMEN VILLANUEVA CARDOSO. Obxecto: Resolución do 13.5.2014. Sanción de tráfico (cinto de seguridade). Desestimado o recurso.

i) Expte. 8625/111. Decreto do Xulgado Social nº 3 de SANTIAGO DE COMPOSTELA. Procedemento 303/2013 (SEG. SOCIAL). Demandante: D. JOSÉ LUIS PEREIRO ALONSO. Obxecto: Recoñecemento da pensión de xubilación. Desestimento do actor.

k) Expte. 8732/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 181/14 P.A. Demandante: D<sup>a</sup> CONCEPCIÓN MÉNDEZ MARTÍNEZ. Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo do 22.7.2013: inadmisión por extemporaneidade.Liquidación e sanción tributaria por IVTNU. Expte.: 24342/502 e 24343/502. Desestimado o recurso.

l) Expte. 8729/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 215/14 P.A. Demandante: D.BENIGNO ÁLVAREZ ESTÉVEZ. Obxecto: Resolución do 28.1.2014 (en reposición). Multa coercitiva en relación con orde de execución 12693/310.Conservación dun terreo. Desestimado o recurso.

m) Expte. 7942/111. Sentenza do TSXG no rec. Apelación nº 4292/2014, interposto por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A.” contra sentenza desestimatoria do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 96/2013 P.O. contra acordo da XGL do 8-3-2013 e 19-4-2013, en relación coa modificación do prego de condicións e solicitude de resolución da concesión. Desestimada a apelación da actora.

n) Expte. 8731/111 Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 216/14 P.A. Demandante: D. ENRIQUE M. COSTA PAREDES. Obxecto: Desestimación presunta da reposición e acordo do TE-A do Concello de Vigo do 12-3-2014. Providencia de contrinximento en relación con sanción de tráfico. Expte.: 3461/550 (e 128644128). Estimado o recurso.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **3(1243).- INCREMENTO DA DOTACIÓN PARA AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS DE EMERXENCIA PARA O EXERCICIO 2014. EXPTE. 89376/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.10.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Benestar Social, do 23.10.14, conformado polo xefe de Área de Política de Benestar e pola concelleira-delegada da Area de Política de Benestar, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 19 de decembro de 2013 aprobou o “MARCO DE ACTUACIÓN DO PROGRAMA DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS MUNICIPAIS NON PERIÓDICAS DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2014”*

*Na cláusula quinta dos criterios de actuación especificábase que “... de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificaráanse as partidas na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes ...”*

No departamento detéctase que a situación das familias con problemas económicos agrávese dunha maneira moi importante pola situación da crise xeneralizada; esta situación tamen provoca demoras nas adxudicacións de axudas periódicas doutras institucións autonómicas e/ou estatais que, as veces, triplica o tempo normal de adxudicación. Esta problemática produce unha necesidade de concesión de axudas económicas de emerxencia que está a superar tódalas previsións.

En base ao anterior, é necesario e urxente incrementar a dotación para axudas a familias da aplicación 2310-4800000, en 38.000 €, con cargo à bolsa de vinculación xurídica do capítulo IV, facendo constar que o emprego da bolsa non perturba o funcionamento do servizo.

Tralo exposto, à Xunta de Goberno Local propónse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Autorizar o gasto de 38.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2310.4800000, para facer fronte ás axudas económicas individuais de emerxencia para o exercicio 2014.

Segundo.- Autorizar a realización de libramentos a xustificar, à solicitude de Política de Benestar, ata o importe máximo indicado no apartado anterior, a nome de funcionarias/os habilitadas/os do departamento.

Non obstante esa Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(1244).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO DESEÑO E DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2015. EXPTE. 5541/335.**

Dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, con data 30.10.14, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 30 de outubro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

##### 6.- Propostas de clasificación.

a) Procedemento aberto para a contratación do deseño e produción das carrozas para a Cabalgata de reis 2015 (expediente 5541-335)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 14-10-2014, 21-10-2014, 26-10-2014, 28-10-2014 e 30-10-2014 e dos informes da xefa do servizo de Turismo, de datas 14-10-2014 e 29-10-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón à Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación do deseño e produción das carrozas para a Cabalgata de reis 2015 (expediente 5541-335), no seguinte orde decrecente:

1. LA FIESTA ESCÉNICA, S.L.: 87 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, LA FIESTA ESCÉNICA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

**5(1245).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

**A) API S.A. EXPTE. 4977/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.10.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 30.10.14, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por APLICACIÓN DE PINTURAS API, S.A. no que se solicita a devolución da fianza de 2.200 euros constituída para responder de subministración da sinalización horizontal e vertical, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a APLICACIÓN DE PINTURAS API, S.A. a fianza de 2.200 euros, constituída para responder da subministración da sinalización horizontal e vertical, xa que foi executada conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**B) API S.A. EXPTE. 4976/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.10.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 30.10.14, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por APLICACIONES DE PINTURAS API, S.A. no que se solicita a devolución da fianza de 29.810,20 euros, constituída para responder de mantemento da sinalización horizontal e vertical, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a APLICACIONES DE PINTURAS API, S.A. a fianza de 29.810,20 euros, constituída para responder de mantemento da sinalización horizontal e vertical, xa que foi executada conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **C) IMES S.A. EXPTE. 4978/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.10.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 30.10.14, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por IMES, S.A. no que se solicita a devolución da fianza de 2.000 euros, constituída para responder da subministración, execución, reposición e mantemento de sinalización, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a IMES, S.A. a fianza de 2.000 euros constituída para responder da subministración, execución, reposición e mantemento de sinalización, xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **6(1246).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DO EVENTO “VIGO+11” O VINDEIRO DÍA 9 DE NOVEMBRO. EXPTE. 13454/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 6.11.14, conformado polo concelleiro-delegado de deportes e polo secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

##### **1.- ANTECEDENTES:**

*A entidade deportiva Federación Galega de Atletismo (G-15103500) solicitou o día 16-10-2014, a través do Rexistro Municipal (Doc140124925) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento: CARRERA POPULAR VIGO + 11*
- *Data: 9 DE NOVEMBRO DE 2014*
- *Horario:*
  - *Inicio e fin evento: De 11.11h a 14.00 h.*
  - *Inicio do Montaxe: 09.00 h.*
  - *Fin do desmontaxe: 14.00 h.*

*A entidade solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a citada carreira.*

*Por motivo das obras de reparación da calzada na rúa Marqués de Valladares que permanecerá pechada ao tráfico e por coincidir con unha manifestación autorizada pola Xunta de Goberno Local o percorrido de dita carreira queda modificado quedando co seguinte percorrido: Saída da Praza de Compostela, Concepción Arenal, Arenal, cara Montero Rios. Montero Rios, Cánovas del Castillo, Carral, Victoria, Praza de Compostela, Colón, García Barbón, Isaac Peral, Aenal, Concepcion Arenal, Montero Rios, Cánovas del Castillo, Beiramar, As Ánimas, Tomás Alonso, Coruña, Arquitecto Bar Boo, Camelias, Alvaro Cunqueiro, Camelias, Venezuela, Gran Vía, Urzáiz, Colón, e Praza de Compostela, onde se atopará a meta.*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- Policía Local.*
- Seguridade.*
- Protección civil*

## **2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:**

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.*

*A entidade solicitante deberá cumprir as “Normas xerais sobre a utilización de espazos públicos” aprobadas pola Comisión de Goberno o 17 de marzo de 2003.*

*Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

### **3- PROPOSTA DE ACORDO:**

*Autorizar á entidade Federación Galega de Atletismo, a organizar o vindeiro domingo 9 de novembro de 2014, o evento denominado VIGO + 11, a celebrar en Vigo dita carreira terá o seguinte percorrido: Saída da Praza de Compostela, Concepción Arenal, Arenal cara Montero Rios, Montero Rios, Cánovas del Castillo, Carral, Victoria, Praza de Compostela, Colón, García Barbón, Isaac Peral, Aenal, Concepcion Arenal, Montero Rios, Cánovas del Castillo, Beiramar, As Ánimas, Tomás Alonso, Coruña, Arquitecto Bar Boo, Camelias, Alvaro Cunqueiro, Camelias, Venezuela, Gran Vía, Urzáiz, Colón, e Praza de Compostela, onde se atopará a meta, o horario da carreira será entre as 11.11h e as 14.00horas.*

### **Acordo**

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*

**7(1247).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DO EVENTO “II CARREIRA SOLIDARIA POLA ESCLEROSE MÚLTIPLE” O VINDEIRO 23 DE NOVEMBRO. EXPTE. 13399/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 29.10.14, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

**1.- ANTECEDENTES:**

*A entidade deportiva AVEMPO (Asociación Viguesa de Esclerose Múltiple de Pontevedra) (CIF:G36816106) solicitou o día 17-09-2014, a través do Rexistro Municipal (Doc.140110301) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento: II CARRERA SOLIDARIA POLA ESCLEROSE MULTIPLE*
- *Data: 23 novembro de 2014*
- *Horario:*
  - *Inicio e fin evento:11.00 h a 13.00h*
  - *Inicio do Montaxe:10.00h.*
  - *Fin do desmontaxe:13.00h.*

*A entidade solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá o seguinte percorrido, Alameda Suárez Llanos, seguindo por Plaza Diego Santos, rúa Pazo, P.Vila de Bouzas, rúa Cristo, Eduardo Cabello, Beiramar, Coruña, Tomás Alonso, Camilo Veiga, Tomás Paredes, Castelao, Pardaiña, Cño. Caringosta, Atlántida. Ferreiros, P.Diego Santos e Alameda Suárez Llanos onde se atopará a meta.*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil*

**2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:**

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.*

*A entidade solicitante deberá cumprir as “Normas xerais sobre a utilización de espazos públicos” aprobadas pola Comisión de Goberno o 17 de marzo de 2003.*

*Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*



### 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á entidade Avempo (Asociación Viguesa de Esclerose Múltiple de Pontevedra), a organizar o vindeiro domingo 23 de novembro de 2014, o evento denominado II CARREIRA SOLIDARIA POLA ESCLEROSE MÚLTIPLE, a celebrar en Vigo, e percorrendo por Alameda Suárez Llanos, seguindo por Plaza Diego Santos, rúa Pazo, P.Vila de Bouzas, rúa Cristo, Eduardo Cabello, Beiramar, Coruña, Tomás Alonso, Camilo Veiga, Tomás Paredes, Castelao, Pardaiña, Cño. Caringosta, Atlántida. Ferreiros, P.Diego Santos e Alameda Suárez Llanos onde se atopará a meta, entre ás 11.00h e as 13.00horas.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(1248).- ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DE AXUDA CONCEDIDA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO 615-IMOS TRABALLAR2 SEGUNDO RESOLUCIÓN DO "MINISTERIO DE HACIENDA Y ADMINISTRACIONES PÚBLICAS" DO 15.10.14. EXPTE. 11366/77.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 23.10.14, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

*Con data 22 de xullo de 2011 o "Ministerio de Política Territorial y Administraciones Públicas" (BOE 1 de xullo de 2011) resolveu conceder unha axuda do Fondo Social Europeo, para o proxecto 615- Imos Traballar2 con unha subvención máxima asignada de 1.330.317,50 euros sobre un orzamento de 1.662.896,87 euros, subvención que foi aceptada por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión do 8 de xullo de 2011. Ademais a Xunta do Goberno local na sesión extraordinaria e urxente de 7 de outubro de 2013 acordou aceptar un incremento da axuda deriva do reparto de remanentes aprobado por Resolución da "Dirección General de Coordinación de Competencias con las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales" de data 5 de setembro de 2013 e publicada no BOE nº 222 do día 16/09/2013. Dito incremento supuxo un maior financiamento do FSE por importe de 211.018,30 euros debendo aportar o concello de Vigo 52.754,58 euros para facer fronte o financiamento nacional. Aceptado este incremento o orzamento total elixible ascende a 1.926.669,75€ sendo o 80% subvencionado polo FSE (1.541.335,80€) e o 20% (385.333,95€) achega municipal.*

*No BOE de 21 de outubro de 2014 publicouse a a Resolución de 15 de outubro de 2014 da "Dirección General de Coordinación de Competencias con las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales", pola que se aproba un novo reparto de remanentes de axudas dispoñibles do Fondo Social Europeo, correspondentes ao período de intervención 2007-2013. No caso do proxecto 615 a contía concedida é de 9.224,28 euros debendo o concello aportar 2.306,07 euros.*

*O apartado 2º da citada Resolución dispón que esta nova axuda, así como os remanentes de execución que se puideran xerar nos propios proxectos, destinaranse a complementar as actuacións programadas. Polo que respecta aos remanentes de execución do proxecto, o Servizo de Emprego ten partidas procedentes de reaxustes do 2012 (MC6/12) e 2013 (MC1/13) , tal e como consta en contabilidade, así como os que se poidan facer ao peche do exercicio 2014. Polo que a utilización destes reaxustes xerados no propio proxecto non suporán nin un aumento da subvención do Fondo Social Europeo nin unha maior achega económica por parte do Concello de Vigo.*

Así mesmo no apartado 4º establécense o prazo dun mes natural, desde a publicación no BOE do 21 de outubro de 2014, para aceptar estas axudas e a documentación a presentar onde se reflectan as actividades a realizar de forma que a Dirección Xeral poida comprobar e dar conformidade as mesmas.

A aceptación desta nova axuda con cargo a remanentes xunto con aqueles que xerou o propio programa, permitirá desenvolver, entre outras actividades, módulos de formación complementaria que estaban previstas na memoria inicial do proxecto e que foron recortadas como consecuencia dos reaxustes derivados do orzamento solicitado e o finalmente aprobado polo Ministerio e unha campaña de difusión de resultados. Como xa se sinalou anteriormente as novas accións que se propoñan terán que ser aprobadas previamente pola "Dirección General de Coordinación de Competencias con las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales".

Competencia sobre a proposta de gasto:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de data 8 de xullo de 2011, acordou aceptar a subvención concedida pola Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, segundo Resolución do 22 de xuño de 2011, publicada no BOE de 1 de xullo de 2011, para o proxecto 615- "Imos Traballar2" enmarcado dentro das axudas do Fondo Social Europeo previstas no eixo 2 do Programa Operativo "Adaptabilidade e Emprego", en concreto no referente a "Fomentar pactos, redes, asociacións e apoio ás iniciativas locais para o emprego e a inclusión social, tendo en conta a perspectiva de xénero". Tamén por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de outubro de 2013, aceptouse unha ampliación da axuda concedida para cofinanciar a execución do proxecto derivada da aplicación de remanentes con cargo ao FSE.

A ampliación que agora se propón é consecuencia dun novo reparto de remanentes das axudas dispoñibles do Fondo Social Europeo procedentes da mesma convocatoria.

As actividades véñense realizando desde o ano 2012 tendo como data límite de finalización o 30 de setembro de 2015.

O programa ten como principais obxectivos ofrecer orientación e formación personalizada aos/as demandantes de emprego co fin de favorecer as súas posibilidades de inserción laboral, mellorar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a loita contra a exclusión social, a capacidade empresarial, a capacidade de adaptación á sociedade de información e o respecto ao medio ambiente.

Polo que antecede, o proxecto desenvólvese ao amparo do artigo 3.3 apartados b) e d) da lei 5/2014, de 27 de maio, de Medidas Urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, que dispón que non se entenderán como exercicio de novas competencias:

b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

d) A concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e mais outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo co artigo 297 de Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención.

Polo anteriormente exposto, PROPOÑO a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1. *Aceptar a subvención concedida por importe de 9.224,28€ euros derivada da aplicación de remanentes con cargo ao Fondo Social Europeo-Programa Operativo de Adaptabilidade e Emprego, para cofinanciar a execución do proxecto 615-Imos Traballar2, aprobada por Resolución da "Dirección General de Coordinación de Competencias con las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales" de 15 de outubro de 2014 (BOE 21 de outubro de 2014).*
2. *Encomendar ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego para que, de conformidade cos apartados 2º e 4º da Resolución antes citada, se proceda a adaptación do proxecto con indicación das accións a realizar con cargo a asignación do novo remanentes así como de aqueles que se xeraron no propio proxecto e que deberán ser comunicadas e sometidas a conformidade da "Dirección General de Coordinación de Competencias con las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales", do Ministerio de Política Territorial y Administraciones Públicas,*
3. *En uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e con carácter específico as previstas no art.127.1.f) (segundo modificación introducida a través da Lei 57/2003), esta Administración Municipal comprométese a incluír nos Orzamentos Xerais deste Concello do exercicio 2015, as dotacións suficientes para facer fronte ao financiamento nacional do Proxecto, na contía de 2.306,07 euros*

*En caso de que o orzamento fose prorrogado o financiamento do Concello faríase con cargo a partida 2410 1310000 Contratacións Plan de Emprego Municipal , correspondendo 1.748,35 euros a retribucións salariais e 557,72 euros a custes de seguridade social.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(1249).- SEGUNDA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA. EXPTE. 4979/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17.10.14, o informe xurídico do 31.10.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 13.10.14, conformado pola concelleira de Igualdade e pola concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 23 de marzo de 2012, acordou adxudicar a Mulleres Progresistas de Vigo a xestión do servizo municipal de atención domiciliaria á infancia. A retribución, según recolle o documento do contrato administrativo, foi de 16,30 euros/hora e un prezo anual de 153,100,00€.*

*A cláusula 4 do contrato firmado entre as partes, establece que éste tería unha duración de dous anos contados a partir do 1 de maio de 2012. Por acordo da Xunta de Goberno Local de 04/04/2014 apróbase unha prórroga de un ano de duración do contrato que abrangue desde o 1 de maio de 2014 ao 30 de abril de 2015 e un gasto de 157.662,38€ ( 16,79€/hora segundo o*

*estipulado na primeira revisión de prezos aprobado na Xunta de Goberno Local de 20/09/2013) para facer fronte ao pago do contrato durante a vixencia do mesmo.*

*Na cláusula 29 do prego de cláusulas administrativas que rexeu o concurso para a contratación aprobadas en Xunta de Goberno Local de datas 2 de setembro e 14 de outubro de 2011, recolle, en canto á revisión de prezos, que a mesma procederá transcorrido un ano do contrato, e recollerá a variación experimentada polo IPC Nacional, no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas.*

*Na cláusula 3J) das follas de características do contrato (FEC), indícase que procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de adxudicación do contrato e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade.*

*O día 30 de abril de 2014 finalizou o segundo ano de contrato polo que procede realizar a segunda revisión de prezos. Así, a variación do IPC Nacional no período comprendido entre abril de 2013 ata abril de 2014 foi de 0,4%. Se ben, haberá que aplicar un 0,34% que corresponde ao 85%.*

*Tendo en conta o anterior, o prezo global do contrato revisado será de  $157.662,38 \times 1,0034 = 158.198,43\text{€}/\text{ano}$ ; e o prezo hora revisado será de  $16,79 \times 1,0034 = 16,85\text{€}/\text{hora}$ .*

*Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

*“Aprobar a revisión de prezos do contrato do servizo municipal de atención domiciliaria á infancia, adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local do 23 de marzo de 2012, a Mulleres Progresistas de Vigo, establecendo éste a partir do 1 de maio de 2014 na cantidade de 158.198,43€/ano, e o prezo hora do servizo na cantidade de 16,85 €/hora”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **10(1250).- PROPOSTA PARA ADHESIÓN Á PLATAFORMA FACE-PUNTO XERAL DE ENTRADA DE FACTURAS ELECTRÓNICAS DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO. EXPTE. 102429/140.**

Dáse conta do informe-proposta do interventor xeral, de data 4.11.14, conformado pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

##### **NORMATIVA**

*Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.*

*Orde HAP/492/2014, de 27 de marzo, pola que se regulan os requisitos funcionais e técnicos do rexistro contable de facturas das entidades do ámbito de aplicación da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.*

*Orde HAP/1074/2014, de 24 de xuño, pola que se regulan as condicións técnicas e funcionais que debe reunir o Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas.*

*Resolución de 25 de xuño de 2014, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se establecen as condicións de uso da plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado.*

*Resolución de 10 de outubro de 2014, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas e da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se establecen as condicións técnicas normalizadas do punto xeral de entrada de facturas electrónicas.*

#### **MEMORIA**

*Segundo o artigo 4 e artigo 9 da Lei 25/2013 sobre o procedemento para a tramitación de facturas, todos os provedores que entregasen bens ou prestado servizos á Administración Pública poderán expedir e remitir factura electrónica. En todo caso, cando o importe sexa superior a 5.000,01 euros estarán obrigadas ao uso da factura electrónica e á súa presentación a través do punto xeral de entrada que corresponda. Cando sexan facturas cuxo importe sexa de até 5.000,00 euros, a respectiva Administración Pública pode excluír regulamentariamente desa obriga de presentación no punto xeral de entrada.*

*As facturas electrónicas que se remitan ás Administracións Públicas deberán ter un formato estruturado e estar asinadas con firma electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido, de acordo co disposto no artigo 10.1 a) do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.*

*O artigo 6 da Lei 27/2013, no seu punto 1º, establece que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, disporán dun punto xeral de entrada de facturas electrónicas a través do cal se recibirán todas as facturas electrónicas que correspondan a entidades, entes e organismos vinculados ou dependentes. No entanto o anterior, as Entidades Locais poderán adherirse á utilización do punto xeral de entrada de facturas electrónicas que proporcione a súa Deputación, Comunidade Autónoma ou o Estado.*

*O punto xeral de entrada de facturas electrónicas dunha Administración proporcionará unha solución de intermediación entre quen presenta a factura e a oficina contable competente para o seu rexistro.*

*O punto xeral de entrada de facturas electrónicas permitirá o envío de facturas electrónicas no formato que se determina nesta Lei, así como os contidos técnicos das Ordes Orde HAP/492/2014, de 27 de marzo, HAP/1074/2014, de 24 de xuño e Resolucións de 25 de xuño e 10 de outubro de 2014, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas.*

*O provedor ou quen presentase a factura poderá consultar o estado da tramitación da factura a través dese punto.*

*Todas as facturas electrónicas presentadas a través do punto xeral de entrada de facturas electrónicas producirán unha entrada automática nun rexistro electrónico da Administración Pública xestora do devandito punto xeral de entrada de facturas electrónicas, proporcionando un acuse de recibo electrónico con acreditación da data e hora de presentación.*

*O punto xeral de entrada de facturas electrónicas proporcionará un servizo automático de posta a disposición ou de remisión electrónica das mesmas ás oficinas contables competentes para o seu rexistro.*

*A Secretaría de Estado de Administraciones Públicas e a Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos determinarán conxuntamente as condicións técnicas normalizadas do punto xeral de entrada de facturas electrónicas*

*O Artigo 8 da Lei regula a creación do rexistro contable de facturas. Cada un dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Lei, disporán dun rexistro contable de facturas que facilite o seu seguimento, cuxa xestión corresponderá ao órgano ou unidade administrativa que teña atribuída a función de contabilidade.*

*O devandito rexistro contable de facturas estará interrelacionado ou integrado co sistema de información contable.*

*Os órganos ou unidades administrativas que teñan atribuída a función de contabilidade nas Administraciones Públicas, teñen reguladas unhas funcións ou actuacións que veñen determinadas no Artigo 10 da Lei, e que son as seguintes:*

*Efectuarán requirimentos periódicos de actuación respecto das facturas pendentes de recoñecemento de obriga, que serán dirixidos aos órganos competentes.*

*Elaborarán un informe trimestral coa relación das facturas con respecto as cales transcorresen máis de tres meses desde que foron anotadas e non se efectuou o recoñecemento da obriga polos órganos competentes. Este informe será remitido dentro dos quince días seguintes a cada trimestre natural do ano ao órgano de control interno.*

*A Disposición adicional quinta da Lei, establece que as Entidades que se adhiran ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas establecido pola Administración Xeral do Estado, este lles proporcionará as funcionalidades previstas para o citado punto respecto das facturas electrónicas dos provedores.*

*A adhesión ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado realizarase por medios telemáticos a través do portal electrónico establecido ao efecto no citado punto pola Secretaría de Estado de Administraciones Públicas do Ministerio de Facenda e Administraciones Públicas.*

*Este acto de adhesión, suscrito con firma electrónica avanzada polo órgano competente da Entidade Local de que se trate, deberá deixar constancia da vontade da devandita Entidade de adherirse ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado e de aceptar na súa integridade as condicións de uso da plataforma, determinadas pola Secretaría de Estado de Administraciones Públicas do Ministerio de Facenda e Administraciones Públicas.*

*Os desenvolvementos técnicos que, no seu caso, deba implantar a Entidade Local para integrar e facer compatibles os seus sistemas informáticos co punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado serán financiados con cargo aos Orzamentos de cada Entidade Local.*

*O Artigo 4 da Orde HAP/492/2014, de 27 de marzo, está a determinar os requisitos do rexistro contable. O rexistro contable de facturas de cada Administración Pública estará interrelacionado ou integrado no seu sistema de información contable ao obxecto de rexistrar todas as facturas da entidade co alcance que se determina na Lei 25/2013, de 27 de decembro e de proporcionar ao sistema contable a información necesaria para o seguimento do cumprimento dos compromisos de pago e para a determinación do período medio de pago a provedores.*

O rexistro contable de facturas de cada Administración Pública debe dar soporte aos seguintes requisitos funcionais:

a) Anotación inmediata no correspondente rexistro contable de facturas das facturas recibidas nun rexistro administrativo con destino a unha Administración Pública.

b) Distribución ou posta a disposición das facturas anotadas no rexistro contable de facturas da entidade, aos órganos competentes para a súa tramitación.

c) Anotación no rexistro contable de facturas da aceptación ou rexeitamento e devolución das mesmas polo órgano competente.

d) Anotación no rexistro contable de facturas da proposta de anulación da factura polo presentador da mesma e, no seu caso, da súa devolución polo órgano competente.

Anotación no rexistro contable de facturas da aceptación ou rexeitamento das mesmas.

Código dos órganos competentes na tramitación da factura así como do órgano ou unidade administrativa que teña atribuída a función de contabilidade, codificado de acordo co directorio DIR3 de unidades administrativas xestionado pola Secretaría de Estado de Administracións Públicas.

Anotación no rexistro contable de facturas da proposta de anulación da factura e da súa devolución.

#### Subministración de información sobre o estado das facturas.

A Orde HAP/1074/2014, de 24 de xuño, pola que se regulan as condicións técnicas e funcionais que debe reunir o Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas, ten por obxecto determinar os requisitos técnicos e funcionais dos puntos xerais de entradas de facturas electrónicas que poidan crear as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, no caso de non adherirse ao Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado. Como este escenario está rexeitado, non é obxecto de maior análise.

A Resolución de 25 de xuño de 2014, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se establecen as condicións de uso da plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, establece o seguinte:.

a) Segundo o disposto na disposición adicional quinta da Lei 25/2013, de 27 de decembro, relativa á adhesión ao Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, as Administracións autonómicas e locais que queiran adherirse á utilización da plataforma FACe deberán aceptar e asinar, mediante unha firma electrónica avanzada de acordo coa Lei 59/2003, de 19 de decembro, de firma electrónica, o documento de adhesión ao punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado a través do portal electrónico establecido ao efecto no citado punto pola Secretaría de Estado de Administracións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. No entanto, poderá accederse tamén ao devandito documento de adhesión a través dos portais de Entidades Locais, Comunidades Autónomas e de Xestión Administrativa da Secretaría de Estado de Administracións Públicas así como naqueles portais que a Secretaría de Estado de Administracións Públicas decida no futuro.

b) Manter actualizada a información das súas unidades organizativas implicadas na xestión das facturas electrónicas na plataforma FACe e responsabilizarse da xestión das mesmas, de conformidade coa disposición adicional trixésima terceira do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

c) *Facer un uso responsable da plataforma FACe adecuándose estritamente ás finalidades recollidas na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, e na normativa que desta se derive, e responsabilizarse do bo uso e xestión da plataforma así como de calquera dano e prexuízo directo ou indirecto que proveña do mal emprego da citada plataforma.*

d) *Acceder á plataforma baixo as canles que a Secretaría de Estado de Administracións Públicas estableza. As comunicacións das distintas Administracións Públicas co punto adecuaranse ás condicións técnicas normalizadas que a Secretaría de Estado de Administracións Públicas e a Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos determinen.*

e) *Cumprir coas instrucións técnicas dos manuais de uso da plataforma FACe, que serán publicadas no Centro de Transferencia de Tecnoloxía CTT da Administración Xeral do Estado na seguinte url da iniciativa FACe do CTT: <http://administracionelectronica.gob.é/é/ctt/face>.*

*Resolución de 10 de outubro de 2014, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas e da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se establecen as condicións técnicas normalizadas do punto xeral de entrada de facturas electrónicas.*

*Esta Resolución, ven a establecer as condicións técnicas sobre o uso da Plataforma FACe-Punto Xeral de entrada de facturas electrónicas.*

*O 1 de Xaneiro de 2014 será obrigatorio dispor do rexistro contable de facturas electrónicas.*

*O 15 de xaneiro de 2015 será obrigatoria a factura electrónica a todas as Administracións Públicas cuxo importe sexa superior a 5.000 euros.*

#### *Adhesión obrigatoria automática*

*As Entidades que teñen asinados préstamos para o financiamento especial de pagos a provedores, para mellorar as condicións da operación e ampliar o prazo de amortización, aceptando as condicionalidades impostas, podíanse acoller ao conxunto de medidas reguladas na Resolución de 13 de maio de 2014, da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, para a modificación de determinadas condicións financeiras das operacións de endebedamento subscritas con cargo ao mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais.*

*As condicións, que foron aprobadas por Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos de 24 de abril de 2014, entre outras establecía a adhesión automática das Entidades Locais que se acolleran ao beneficio de mellora dos préstamos ao Punto Xeral de Entrada de Facturas electrónicas (FACe) da Administración Xeral do Estado, desde o día seguinte ao da aprobación da Orde do Ministro de Facenda e Administracións Públicas pola que se regulan as condicións técnicas que debe reunir o citado Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas.*

*Para o resto das entidades, a adhesión é voluntaria, sempre e cando cumpran cos requisitos técnicos esixidos.*

#### *Situación do Concello de Vigo*

*Dende o punto de vista técnico, o Servizo de administración electrónica estaba a desenvolver dende a publicación da Lei, un sistema que permitiría dar cobertura ás esixencias da situación, e a marcha dos traballos técnicos ía en tempo e forma. O sistema estaría conectado co portal de información ao cidadá, onde a día de hoxe dáse toda a información en relación coa factura e o seu estado.*



*Sempre baixo criterios técnico-informáticos, o requirimento que se estaba a facer, non presentaba maior complexidade, polo tanto, os desenvolvementos técnicos eran os correctos e estaban avanzados.*

*Nunha reunión mantida pola Intervención coa Sra. Concelleira de Economía e Facenda, se lle informou que os traballos estaban avanzados e que posta en funcionamento en prazo non parecía ter atranco algún que puxese en risco o seu cumprimento.*

*No entanto o anterior, na medida na que se foron publicando novas esixencias técnicas mediante Ordes do MINHAP e Resolucións da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, normas que afectaban tanto a dimensión técnica como a económica, nunha reunión entre o servizo informático, a intervención, contabilidade, a Técnico de sistemas do servizo de Contabilidade e a consultora, tendo en conta as novas esixencias técnicas o seu custe, chegouse a conclusión que resultaba mais económico adoptar un acordo de adherirse ao punto de entrada FACe.*

*Este novo escenario supón un cambio de estratexia, xa que as decisións técnicas que hai que adoptar, van a ter un menor prazo de maduración, menor tempo de probas, e polo tanto, asumir os riscos propios deste tipo de situacións.*

*En consecuencia co precedente, e aos efectos de por en marcha os mecanismos técnicos que posibiliten dar cumprimento aos tempos establecidos pola Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, é necesario adoptar coa maior urxencia o acordo de adhesión ao punto de entrada FACe do MINHAP, xa que os traballos e procesos de validación que ten que presentar a Entidade, son bastante complexos, ademais, hai unha lista moi elevada de CC.AA e EE.LL xa adheridas que están no proceso de validación das plataformas, polo que, para chegar a ter todos os traballos técnicos a tempo, non só hai que adoptar o acordo, senón desenvolver traballos internos, tanto polos servizos informáticos como polo servizo de Contabilidade que teñen que ir moi coordinados e que deberán contar coa asistencia técnica necesaria.*

*Aos efectos de delimitar tarefas e responsabilidades, é necesario designar aos funcionarios que van a estar no ámbito obxectivo desta tarefa.*

*En todos os casos, os membros que se designen terán a dobre condición de administradores do sistema e usuarios.*

*Administrador-usuario da plataforma Sr. adxunto Xefe de Administración electrónica D. Antonio Villanueva Guimerás.*

*Administrador-usuario da plataforma, Técnico responsable de estudos e programación, Dona Pilar Alonso Cacheiro.*

*Administrador-usuario Técnico de sistemas do servizo de Contabilidade Dona Pilar López Piñeiro.*

*Administrador-usuario Técnico do Servizo de Contabilidade, Dona Belén Pérez Barreiro.*

*En canto ao convertidor-conector de datos que é necesario instalar, esta Entidade está en proceso de consulta e avaliando alternativas para a súa instalación. Terá que instalar un para cada institución, é dicir, Entidade Local e Organismos Autónomos Administrativos dependentes, con suxeición aos procedementos previstos no TRLCSP, aprobado polo RDL 3/2011. O servizo de administración electrónica será a quen lle corresponda facer as indagacións dos produtos*

que haxa no mercado aos efectos de incorporar aquel que mellor se adapte ás necesidades a satisfacer.

A Coordinación corresponde ao Interventor Xeral ou ao órgano o unidade administrativa que teña atribuída a función de contabilidade .

En consecuencia, sendo necesario adoptar o acordo sobre a adhesión, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

### PROPOSTA

Tendo en conta a situación na que están os traballos para a plataforma da factura electrónica, vista a memoria xustificativa para a adhesión á plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, acórdase a súa APROBACIÓN, nos seguintes termos:

Primeiro.- Aprobar a adhesión do Concello de Vigo e os seus Organismos Autónomos Administrativos dependentes da Entidade á plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado.

Segundo.- Aceptar as condicións de uso da plataforma FACe- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, determinadas pola Secretaría de Estado de Administracións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas na súa Resolución de 25 de xuño de 2014 e Resolución de 10 de outubro de 2014, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas e da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos.

Terceiro.- Manter actualizada a información das súas unidades organizativas implicadas na xestión das facturas electrónicas na plataforma FACe e responsabilizarse da xestión das mesmas, de conformidade coa disposición adicional trixésima terceira do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Cuarto.- Facer un uso responsable da plataforma FACe adecuándose estritamente ás finalidades recollidas na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, e na normativa que desta se derive, e responsabilizarse do bo uso e xestión da plataforma así como de calquera dano e prexuízo directo ou indirecto que proveña do mal emprego da citada plataforma.

Quinto.- Acceder á plataforma baixo as canles que a Secretaría de Estado de Administracións Públicas estableza. As comunicacións das distintas Administracións Públicas co punto adecuaranse ás condicións técnicas normalizadas que a Secretaría de Estado de Administracións Públicas e a Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos determinen.

Sexto.- Cumprir coas instrucións técnicas dos manuais de uso da plataforma FACe, que serán publicadas no Centro de Transferencia de Tecnoloxía CTT da Administración Xeral do Estado na seguinte url da iniciativa FACe do CTT: <http://administracionelectronica.gob.é/é/ctt/face>.

Sétimo.- Facultar á Sra. Concelleira Delegada de Economía e Facenda para o suposto de ser necesario aceptar e asinar, mediante firma electrónica avanzada, o documento de adhesión da Entidade Local, seus Organismos Autónomos Administrativos dependentes da Entidade ao punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado e a adoptar todas as medidas precisas para a aplicación do presente Acordo, así como para acordar os desenvolvementos técnicos que, no seu caso, deban implantarse para integrar e facer

*compatibles os sistemas informáticos da Administración da Entidade Local co punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado.*

Oitavo.- *Designar aos administradores e usuarios da plataforma aos seguintes funcionarios:*

*Administrador-usuario da plataforma Sr. adxunto Xefe de Administración electrónica D. Antonio Villanueva Guimerás.*

*Administrador-usuario da plataforma, Técnico responsable de estudos e programación, Dona Pilar Alonso Cacheiro.*

*Administrador-usuario Técnico de sistemas do servizo de Contabilidade Dona Pilar López Piñeiro.*

*Administrador-usuario Técnico do Servizo de Contabilidade, Dona Belén Pérez Barreiro.*

*A Coordinación corresponde ao Interventor Xeral ou ao órgano o unidade administrativa que teña atribuída a función de contabilidade.*

*A subministración dos convertidores e conectores, así como a asistencia técnica para a súa posta en funcionamento está en fase de análise e avaliación, que será incorporada coa previa tramitación do/s expedientes con suxeición ao previsto no TRLCSP, aprobado polo RDL 3/2011.*

*O servizo de administración electrónica será a quen lle corresponda facer as indagacións dos produtos que haxa no mercado aos efectos de incorporar aquel que mellor se adapte ás necesidades a satisfacer*

*As Concellerías ás que afecta o acordo son as de Economía e Facenda e Administración electrónica.*

Noveno.- *Aos efectos de por o acordo en coñecemento dos provedores, publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, Diario Oficial de Galicia e Boletín Oficial do Estado.*

Décimo.- *Notifíquese ás partes implicadas, e dese de alta na plataforma coas condicións que nela se establecen, así como desenvolver as actuacións necesarias para facer efectivo o presente Acordo.*

Undécimo.- *Dese conta da adhesión ás Xuntas Reitoras dos Organismos Autónomos Administrativos do Instituto Municipal dos Deportes, Escola Municipal de Artes e Oficios, Parque das Ciencias Vigo Zoo e ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(1251).- NORMAS PARA AS OPERACIÓNS DE PECHE DE EXERCICIO PARA O ANO 2014. EXPTE. 102427/140.**

Dáse do informe do Interventor Xeral, do 31.10.2012, en relación ao asunto de referencia, que di o seguinte:

## *OPERACIÓNS DE PECHE DO EXERCICIO ORZAMENTARIO 2014*

*A regulación das operacións de peche do exercicio de 2014 en relación co control e a contabilización dos rexistros que se derivan da execución do estado de gastos e ingresos dos orzamentos así como dos movementos non orzamentarios, fai necesario ditar as oportunas instrucións.*

*Para conseguir os obxectivos, os distintos niveis da Administración para facilitar o peche anual, elaboran e poñen en vigor anualmente unhas instrucións que sirvan ás distintas unidades-servizos xestoras como guía para a tramitación dos procedementos administrativos e de execución de fin de exercicio.*

*O cumprimento dos procedementos de tramitación das obrigas, liquidación de dereitos e recadación dos mesmos, ten como obxectivo o de dar cumprimento ao previsto no artigo 11 e 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, de tal xeito que, os ingresos recoñecidos e recadados aplíquense aos conceptos na súa totalidade antes do peche do exercicio, e o gastos, estéense a computar na súa totalidade aos efectos de verificar si se está a cumprir co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto.*

*Por outra banda, o non recoñecemento de obrigas devengadas no ano por parte do Concello ou os seus Organismos Autónomos Administrativos, estaría a afectar ao cumprimento do previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, por non estar a contabilizarse a totalidade das obrigas que conforman gasto computable nos termos previstos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Comunidade (SEC-95), polo que, non se estaría a cumprir coa Regra de Gasto nos termos do SEC-95.*

*Tamén se estaría a incumprir con Período Medio de Pago regulamentado no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo e coa Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, esta última en relación co artigo 216 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.*

*En consecuencia co anterior, é de obrigado cumprimento para os servizos xestores, tramitar as operacións que afecten ao cumprimento dos obxectivos previstos na Lei Orgánica 2/2012, dentro do ano 2014, sen excepción algunha.*

*En cumprimento do regulamentado na Disposición Adicional Sexta das Bases de Execución do Orzamento para o ano 2014, antes de escomezar o mes de novembro, a Concellería Delegada de Economía e Facenda, dará a coñecer á Xunta de Goberno Local, as normas e prazos de tramitación e peche daqueles expedientes ou operacións que afecten ao orzamento (tramitación de facturas, fondos a xustificar e rendición dos mesmos, expedientes de indemnizacións substitutivas, devolución de ingresos indebidos, anulación de dereitos, tramitación de fases contables, etc.), coa finalidade de garantir o cumprimento dos prazos legais de peche e liquidación dos orzamentos.*

*Na súa virtude, se dispoñen as seguintes normas:*

### *Tramitación de expedientes de contratos menores*

*A solicitude de retencións de crédito para a tramitación posterior de facturas dentro do exercicio orzamentario efectuarase ata o día 26 de decembro. Esta data hai que entendela de entrada na unidade de Contabilidade. Aquelas retencións de crédito que se rexistrasen e que non fosen obxecto da tramitación da correspondente factura dentro do exercicio económico, quedarán anuladas ao peche do exercicio. Así mesmo, na tramitación destes expedientes se suxeitarán á tramitación electrónica actualmente en vigor, debendo estar asinados nas devanditas datas.*

### Tramitación de documentos contables de autorización e compromiso do gasto

Os expedientes que previa aprobación polo órgano competente, requiran a expedición dos documentos contables en fase D, AD, terán como data límite de entrada en Contabilidade o día 30 de decembro. As unidades-servizos xestores, extremarán as accións de seguimento dos expedientes que lle afecten e que son obxecto de perfeccionamento nas derradeiras sesións da Xunta de Goberno Local, para a súa remisión á Unidade de Contabilidade dentro do ano e coa data límite establecida para a súa contabilización.

Si non se remitise o expediente fisicamente, alomenos haberá que facelo telemáticamente, e posterior entrega física do expediente ou expedientes en cuestión.

### Libramentos a xustificar

Os fondos expedidos a xustificar con cargo ao orzamento corrente tramitaranse ata o día 26 de decembro, debéndose ter en conta os prazos para a súa rendición que se regulan na instrución de servizo 01/2006, de 24 de novembro. As contas deberán estar rendidas antes do peche do exercicio orzamentario, e dicir, con data límite 30 de decembro, ou hábil anterior, seguindo os procedementos rexistrados que lle corresponde efectuar ao habilitado/a. A xustificación da rendición dentro do ano, é a necesidade legal de incorporar os saldos das mesmas a Acta de Arqueo de final de ano, calesqueira que sexa o importe dos fondos pendentes de xustificar en poder do habilitado/a e o prazo que levan na conta restrinxida de habilitación.

Sen excepción algunha, os pagamentos que deran lugar a algunha retención deberán renderse dentro do ano, para poder ingresalos na Axencia Tributaria na liquidación anual, sendo responsabilidade exclusiva do habilitado, a situación xerada pola retención dun importe no ano e non contabilizado para o seu ingreso dentro das liquidacións fiscais do período.

Todas as contas restrinxidas dos habilitados/as deberán quedar con saldo CERO a finais do ano. Se nalgunha delas houberse algún rendemento financeiro, deberán darse instrucións á entidade financeira para que os traslade ás contas operativas da Entidade antes de rematar o ano.

Os Habilitados/as comprobarán que a súa conta contable non rexistra un saldo impropio (acredor), xa que neste caso, é probable que se estivesen a aplicar pagos á conta da que son responsables, estando os fondos ingresados en outra, ou (saldo debedor cando debería ser Cero), neste caso, pode que se estivesen aplicando os pagamentos á conta doutro habilitado/a.

Para coñecer cales son os erros habituais no tratamento dos fondos a xustificar, deberase ter e conta as instrucións remitidas a todo-os habilitados/as en data 28 de febreiro de 2008.

En relación coas verificacións dos saldos, estarase as normas desta Intervención Xeral de data 27 de febreiro de 2008, remitidas aos Sres. Habilitados.

### Facturas

Respecto da tramitación de facturas para seu control e contabilización en Fase de execución orzamentaria "O" ou "ADO", recibiranse para a súa imputación ao orzamento corrente ata o día 30 de decembro. Enténdese esta data como límite para que esta Unidade Administrativa de Contabilidade reciba nas súas dependencias os citados documentos, con independencia das datas nas que opere o Rexistro Xeral. Os citados documentos mercantís ou aqueles que os substitúan e que poidan xerar obrigas para o Concello, se remitirán coa preceptiva documentación acreditativa da prestación e cos demais requisitos que regulan as Bases de Execución do Orzamento (Base 18ª e 19ª) e o Real Decreto 1619/2012.

As unidades xestoras, aos efectos de dar cumprimento ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, ademais de non perder os créditos, tramitarán as facturas dentro do vixente ano orzamentario (incluídas as prestacións correspondentes aos contratos ata o mes de decembro inclusive),

tendo en conta ademais, que o día 27, 28 e 31 de decembro son inhábiles nesta Administración. Coa excepción aplicable a determinados investimentos que teñen o seu financiamento afectado, non hai excepcións á tramitación das facturas dentro do ano 2014.

Para os contratos de tracto sucesivo, a prestadora ou subministradora, emitirá a factura igualmente dentro do ano 2014, as diferenzas ou desconformidade con algún dos conceptos contidos na mesma, serán obxecto de regularización na factura de xaneiro do ano 2015. Con respecto a este extremo, con esta mesma data se da a coñecer unha circular sobre o tratamento específico das facturas no mes de decembro.

Polo tanto, en aplicación do principio de Devengo, as unidades xestoras deberán artella-los procesos para tramitar toda as facturas que se correspondan con gastos de prestacións de servizos, subministro ou obras dentro do vixente ano e ata o 30 de decembro.

Non poderá quedar factura algunha sen tramitar. A totalidade dos gastos nos que se houbera incorrido no ano, deberán ter a súa imputación ao orzamento do ano 2014, sen excepción algunha.

De non darse cumprimento a esta instrucción, estaríase a incumprir un dos instrumentos legais básicos no ámbito do Sector Público, a Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

#### Xustificantes de subvencións

As subvencións que as súas Bases e convocatoria contemplan a xustificación das mesmas dentro do exercicio, deberán ser remitidas para a súa comprobación con data límite o día 19 de decembro, aos efectos de subsanar dentro do exercicio calquera defecto na documentación recibida, ben porque os documentos xustificativos non son axeitados ou suficientes, ou por algún incumprimento das Bases e convocatoria das subvencións. Os responsables das unidades e servizos xestores das axudas e subvencións, tramitarán as xustificacións das mesmas tendo en conta os requisitos establecidos e aprobados para cada caso, sendo da súa responsabilidade ou da/o beneficiario o incumprimento de prazos e defectos na documentación presentada para a xustificación das subvencións.

En todo caso, se a xustificación está prevista no ano, como é o caso de todas as tramitadas, deberán achegarse os xustificantes, en caso contrario, perderán o dereito a mesma.

Se a xustificación non é completa, expedirase a orde de pagamento exclusivamente pola contía que fose aceptada como xustificativa da mesma.

#### Indemnizacións substitutivas

A tramitación dos expedientes que conteñan procedementos de indemnización substitutiva por actuacións sen procedemento ou omisión de trámites, recibiranse en estas dependencias administrativas para a súa fiscalización e expedición de documento contable "RC" ata o día 22 de decembro, sempre e cando a unidade xestora do expediente, teña capacidade-posibilidade para incluír o asunto na orde do día da Xunta de Goberno Local dentro do ano no que se está a tramitar o expediente, e ademais, con posterioridade ao acordo da Xunta de Goberno, terá que remitirse ao servizo de Contabilidade o expediente, antes do 30 de decembro para a contabilización da Fase ADO, xa que esta é a data límite para efectuar este tipo de operacións.

Os expedientes deste tipo, formaranse e seguirán os procedementos habituais regulados na Bases 28ª das de Execución do Orzamento e a Instrución 1/2000, debendo estar completos e en condicións formais e legais de ser tramitados, en caso de non concorrer tal circunstancia, a unidade xestora responsabilizarase do expediente e tramitará, se fose o caso, o mesmo con cargo o exercicio orzamentario seguinte, sempre tendo en conta, que no ano seguinte, a cualificación xurídica do expediente sería outra.

Neste caso, ao existir facturas ou gastos que deberían estar imputados ao orzamento do ano 2014 e non o fixeron, deberá acreditarse esta circunstancia a Intervención Xeral, aos efectos de

facen o axuste correspondente sobre gastos devengados non imputados ao orzamento, que terán efectos sobre a estabilidade orzamentaria e sobre o cumprimento da Regra de Gasto, así como sobre o Período Medio de Pagos, xa que hai documentos mercantís rexistrados que están a correr os prazos legais de pagamento.

*Devolución de ingresos indebidos con cargo ao orzamento ou por ingresos duplicados ou excesivos*

Os expedientes por devolución de ingresos indebidos, tanto de carácter orzamentario como non orzamentario, aprobados no ano, remitiranse a unidade de Contabilidade para a súa contabilización con data límite 30 de decembro. Aqueles que tivesen aprobación no ano natural, pero non fosen tramitados a unidade de Contabilidade para o seu rexistro contable dentro do ano, remitiranse para a súa contabilización con data 2015. En ningún caso quedarán os expedientes con cargo a unidade de Contabilidade se non fosen tramitados dentro da data límite que se establece, sendo a unidade xestora do expediente a custodiadora do mesmo ata que se realice a nova remisión.

Aqueles expedientes, que se pretendan tramitar e contabilizar dentro do ano 2014, deberán ser remitidos para súa fiscalización previa á aprobación do mesmo pola Sra. Concelleira Delegada de Economía e Fachenda antes do 26 de decembro.

*Baixas por anulación de dereitos de exercicio corrente ou pechado. Dereitos cancelados por insolvencias, ou outras causas de exercicio corrente ou pechado.*

Os expedientes por anulación de liquidacións, tanto de orzamento corrente como pechados, que houbesen sido fiscalizados e aprobados no ano, remitiranse á unidade de Contabilidade para a súa contabilización con data límite 30 de decembro.

Os expedientes que se tramiten para a súa fiscalización e aprobación, e que se pretenda a súa contabilización dentro do ano 2014, deberán ser remitidos, con data límite 26 de decembro, sempre e cando, a unidade xestora do expediente, remita o expediente para a súa contabilización antes do día 30 de decembro.

Aqueles expedientes que tivesen aprobación no ano natural, pero non fosen tramitados á unidade de Contabilidade para o seu rexistro contable dentro do ano, coa data límite de 30 de decembro, remitiranse para a súa contabilización con data 2015. En ningún caso quedarán os expedientes con cargo a unidade de Contabilidade se non fosen tramitados dentro da data límite que se establece, sendo a unidade xestora do expediente a custodiadora do mesmo ata que se realice a nova remisión.

O servizo de recadación deberá extremar as cautelas, de tal xeito que se se rexistran baixas en GTWIN correspondente aos acordos adoptados e non se envía o expediente para a súa contabilización na data límite do 30 de decembro, producirase unha falta de conciliación entre SICAP e GTWIN, que xerará unha tarefa en GTWIN de cambio de data dos recibos cargados e non contabilizados en SICAP.

#### Anulación de créditos no estado de gastos

Unha vez feitas todas as operacións e, en aplicación do previsto no artigo 175 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os créditos para gastos que o último día do exercicio orzamentario non estean afectos ao cumprimento de obrigas xa recoñecidas, quedarán anulados de pleno dereito, sen máis excepcións que as sinaladas no artigo 182 do TRLRFL.

Así mesmo, os créditos orzamentarios que fosen obxecto de financiamento con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, que xa fosen incorporados ao orzamento do ano 2014, non poderán ser incorporados de novo ao orzamento do ano 2015 se non se executaron no transcurso do ano 2014.

*Recordar igualmente, que os Créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito tramitados no ano 2014, teñen que alomenos chegar a Fase contable "D" dentro do ano, en caso contrario, en aplicación do apartado 2 da Base 8ª das de Execución do Orzamento, non serán incorporables como remanentes de crédito ao Orzamento do ano 2015.*

*Os créditos dispoñibles ou que estean en fase de retención de crédito que teñan financiamento con cargo ao préstamo concertado no ano 2014, en aplicación do previsto na Base 48ª das de Execución do Orzamento, non serán incorporables como remanentes ao orzamento do ano 2015.*

*En relación aos créditos afectos a contratos, salvo as excepcións previstas para os investimentos, deberán ser obxecto de execución no ano, de non ser así, as devanditas facturas imputaranse aos orzamentos do ano 2015. En consecuencia, os servizos xestores velarán pola tramitación das facturas en prazo, sempre dentro do ano 2014.*

*En resumo, os créditos dos capítulos I, II, III, IV, VII e IX que non estean asociados a obrigas recoñecidas, quedarán anulados ao peche do exercicio, ao marxe da fase orzamentaria na que se atopen os créditos.*

*Os Créditos do Capítulo VI que non estean asociados ao cumprimento de obrigas, tamén quedarán anulados ao peche do exercicio:*

*Excepcións:*

*Que teñan financiamento afectado, nese caso, se incorporarán como unha modificación orzamentaria ao orzamento do ano 2015 unha vez que se liquide o orzamento do ano 2014. En todo caso, teñen que ter alcanzado a fase de compromiso do gasto.*

*Os proxectos financiados co superávit orzamentario do ano 2012, que foron obxecto de modificación orzamentaria no ano 2014, tal e como establece a Disposición adicional decimosexta do TRLRFL, o recoñecemento da totalidade das obrigas derivadas do investimento, deberá realizarse antes do remate do ano 2014.*

*No entanto, no suposto dun investimento que por razóns xustificadas non poida executarse na súa totalidade no ano 2014, a parte do crédito non executada en fase de compromiso, poderá incorporarse ao orzamento do ano 2015, sempre e cando a Entidade Local, na súa proxección de peche que ter que remitir ao MINHAP no primeiro trimestre do ano 2015 non incorra en déficit, de non darse cumprimento a esta condición, tampouco será incorporable.*

*Non serán incorporables en ningún caso, os créditos que non chegasen á fase de compromiso de gasto.*

*Os servizos xestores, dando cumprimento as normas internas vixentes, tramitarán as facturas que reciban dentro dos 5 días seguintes ao da súa recepción.*

*Pagamentos*

*Aos efectos de dar cumprimento aos prazos de pagamento previstos no artigo 216 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro e o contido do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, os servizos xestores conformarán e tramitarán as facturas que reciban nos cinco días seguintes a súa recepción. De non ser conforme a mesma, no mesmo prazo, informarán a desconformidade e proporán ao seu Concelleiro/a Delegada/a a súa devolución, facendo a notificación á mercantil titular do dereito de cobro, facendo constar na proposta de anulación e na resolución, os recursos aos que ten dereito, prazos e lugar de presentación. Unha vez cumprido o procedemento, efectuarán as operacións pertinentes no módulo de expediente aos efectos de rexistrar a anulación.*

*Pola Tesourería, articularanse os procedementos de pagamento coa máxima brevidade posible, aos efectos de facer o máximo de pagamentos dentro do ano, tendo como obxectivo, reducir os*



saldos de créditos comerciais con provedores a finais do exercicio e mellorar o prazo medio de pagamento.

En canto as ordes de pagamento que reciban nas que a conta acreedora sexa unha 4160000 (pagamento de fianzas), deberán efectuar o seu pagamento dentro do ano, de non ser así, tendo en conta a entrada en vigor da Orde HAP/1781/2013, de 20 de novembro o un de xaneiro, hai que anulalas dentro do ano 2014.

O mesmo tratamento hai que dalo para os ingresos de fianzas con abono á conta 4460000.

#### Ingresos pendentes de aplicación

En canto ao saldo de recadación pendente de aplicación ao peche do exercicio, está a ter efectos negativos nas seguintes variables e estados: Estabilidade orzamentaria, Remanente de Tesourería, Aforro Neto, Endebemento e ratio de recadación orzamentario. Como se pode comprobar, dada a importancia que este saldo pode ter a finais do exercicio, deberá ser un obxectivo da Tesourería, o de facer a aplicación de toda a recadación aos conceptos orzamentarios do orzamento corrente ou pechados segundo o caso, debendo xustificarse os supostos polos que non é posible a aplicación na súa totalidade.

Dese conta destas instrucións a todos os Sres. Concelleiros/as Delegados/as aos efectos da comunicación aos Xefes/as de servizo das áreas da súa responsabilidade, Secretaría, Asesoría Xurídica, Contratación e Tesourería. No entanto o anterior, estas normas de peche do exercicio orzamentario serán incorporadas a intranet para xeral coñecemento de todos os interesados.

Con data 31.10.14 a Concelleira-delegada de Economía e Facenda, resolve de conformidade co precedente informe.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **12(1252).- REVISIÓN DE PREZO DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO EN AREAIS DO CONCELLO DE VIGO, ANO 2014. EXPTE. 8316/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31.10.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e consumo, do 24.10.14, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente e Xuventude, que di o seguinte:

I.- En data do 18/09/2014 (doc. 140110957), a entidade Cruz Roja Española, Asamblea Comarcal de Vigo, achegou escrito solicitando a revisión do prezo do contrato do servizo de salvamento e socorrismo en determinados areais do Concello de Vigo para este ano 2014.

II.- O artigo 89 e ss. do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector público regula, con carácter xeral, a revisión de prezos nos contratos das Administracións públicas e determina no apartado 3 do citado artigo

que “o prego de cláusulas administrativas particulares ou o contrato deberán detallar, no seu caso, a fórmula ou sistema de revisión aplicable”.

III.- O contrato do servizo de salvamento e socorrismo en determinados areais do Concello de Vigo nos anos 2012 e 2013 foi adxudicado á entidade Cruz Vermella Española por acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de xuño de 2012 e formalizouse en documento administrativo en data do 20 de xuño de 2012, día no que se iniciou a prestación.

O prezo de adxudicación do contrato foi de 441.580,76 euros (IVA do 18% incluído) para os anos 2012 e 2013.

O prezo sen IVE para os anos 2012 e 2013 foi de 374.220,98 euros o que representa un prezo anual sen IVE de 187.110,49 € e un prezo día sen IVE de 2.011,94 euros (93 días de prestación do servizo ao ano).

A Xunta de Goberno Local en sesión do día 13 de setembro de 2013, aprobou a prórroga do contrato para o ano 2014.

A Xunta de Goberno Local en sesión do día 15 de novembro de 2013, aprobou o prezo revisado do contrato para o ano 2013 nun importe de 229.464,07 euros (IVE 21% engadido).

IV.- Segundo o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexen o contrato:

- a) O prazo de execución do contrato e dos anos 2012 e 2013.
- b) Os prazos parciais de execución serán entre o 15 de xuño e o 15 de setembro de cada ano.
- c) Prevé a posibilidade de dúas prórrogas para os anos 2014 e 2015, que se aprobarán ano a ano.
- d) O apartado J) das follas de características do contrato do PCAP establece a revisión de prezos nos seguintes termos:

“Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data da formalización do contrato e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data da revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade”.

V.- Aplicado o anteriormente exposto ao contrato que nos ocupa resultaría a seguinte revisión do prezo:

A data de formalización do contrato foi o 20 de xuño de 2012, polo que a primeira revisión do prezo realizouse a partir do 21 (incluído) de xuño de 2013 e a segunda procedería a partir do 21 (incluído) de xuño de 2014.

O IPC que se tivo en conta para a revisión do prezo no ano 2013 foi de maio de 2012 a maio de 2013, xa que os datos do IPC refírense ao último día do mes; polo que para a revisión deste ano 2014 procede ter en conta a variación do IPC dende maio de 2013 a maio de 2014 e que segundo datos do INE foi de 0,2 % (cálculo segundo páxina web do INE), sendo o 85% do dito incremento o de 0,17 %.

O prezo revisado no ano 2013 realizouse do seguinte xeito:

- “Total días de prestación do servizo ano 2013, do 15 de xuño ao 15 de setembro: 93 días.
- Periodo 15 a 20 de xuño (6 días) x 2.011,94 euros/día sen IVE = 12.071,64 EUROS.
- Periodo 21 de xuño a 15 de setembro (87 días) x 2.011,94 euros/día x 1,01445 = 177.568,09 euros

Total prezo ano 2013 sen IVA: 189.639,73 euros.  
Importe IVA 21%: 39.824,34 euros.  
Total prezo revisado ano 2013, IVA engadido: 229.464,07 euros.”

O prezo revisado a pagar para este ano 2014 pola prestación do servizo será:

- Total días de prestación do servizo ano 2014, do 15 de xuño ao 15 de setembro: 93 días.
- Periodo 15 a 20 de xuño; 6 días x 2.011,94 euros/día sen IVE x 1,0017 = 12.092,16 euros.
- Periodo 21 de xuño a 15 de setembro; 87 días x 2.011,94 euros/día sen IVE x 1,01445 x 1,0017 = 177.869,96 euros

Total prezo ano 2014 sen IVA: 189.962,12 euros.  
Importe IVA 21%: 39.892,05 euros.  
Total prezo revisado ano 2013, IVA engadido: 229.854,17 euros.

VI.- A entidade adxudicataria prestou os servizos contratados durante este ano 2014, do 15 de xuño ao 15 de setembro, a satisfacción da administración municipal abonándolle un importe total de 229.464,07 euros co pagamento de catro facturas que se tramitaron con número de expedientes 10376/306, 10409/306, 10512/306, 10520/306.

O prezo revisado para o ano 2014 é de 229.854,17 euros (IVE engadido) e o prezo abonado no presente ano foi de 229.464,07 euros, polo que procedería abonar un importe de 390,10 euros en concepto de atrasos pola revisión de prezo do contrato correspondente ao ano 2014.

O pagamento do prezo revisado será con cargo á partida 1721.227.0100 “Vixiancia de Praias”.

VII.- O órgano competente para aprobar a revisión do prezo do contrato e a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación do Concello de Vigo ao abeiro do establecido na Disposición adicional segunda, apartado 3, do Rdl 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, trato informe favorable da Intervención xeral, a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o prezo revisado do contrato de salvamento e socorrismo en determinados areas do Concello de Vigo, adxudicado á entidade Cruz Vermella Española por acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de xuño de 2012 e formalizado en documento administrativo en data do 20 de xuño de 2012, para este ano 2014 nun importe de euros 229.464,07 euros (IVE do 21% engadido), de conformidade co establecido na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Autorizar o pagamento de 390,10 euros (IVE 21% engadido) en concepto de atrasos pola revisión de prezo do contrato correspondente ao ano 2014 con cargo á partida 1721.227.0100 “Vixiancia de Praias”.

TERCEIRO.- Notificar este acordo á entidade adxudicataría informándolle que conforme ós artigos 116.1, 117.2 e 43.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción contencioso-administrativa, contra o dito acordo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición, perante o mesmo órgano que o dictou, no prazo dun mes a contar desde o seguinte ó da súa notificación ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa.

*No caso de interpoñer o recurso potestativo de reposición, deberá ser resolto e notificado no prazo dun mes, entendéndose desestimado polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, podendo daquela os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de seis meses contados desde o día seguinte a aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición interposto.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(1253).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA E SEGURIDADE DAS OFICINAS MUNICIPAIS DE DISTRITO. EXPTE. 3148/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29.10.14, o informe de fiscalización 22.10.14, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 20.10.14, conformado polo concelleiro-delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, e polo concelleiro delegado de Economía e Facenda, que di o seguinte:

#### *ANTECEDENTES*

*A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 15 de novembro de 2010, acordou adxudicar á mercantil Securitas Seguridad España SA, a contratación da prestación do servizo de vixilancia de centros cívicos (hoxe denominados Oficinas Municipais de Distrito), por un prezo total de 288.000,00 euros (expte. 1976-321) e un prezo anual de 72.000,00 euros o cal se incrementou ata os 73.830,51 €, a partir do 01/09/2012 con motivo do cambio do tipo impositivo do IVE ao 21 % (expte. 1976-321)*

*O contrato foi formalizado con data de 9 de decembro de 2010, comezando a prestación do servizo o 1 de xaneiro de 2011.*

*Así mesmo, con data 15 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aprobou a revisión de prezos do servizo, por un importe total de 1.823,61 euros (expte. 2785-321), actualizándose, así, o prezo do contrato en 75.654,12 euros anuais.*

#### *FUNDAMENTOS DE DEREITO*

*O artigo 23 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas.*

*A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevexa expresamente o contrario, sen que poda producirse polo consentimento tácito das partes.*

O artigo 303 da citada norma, sinala, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas presupostarias das Administracións Públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

Pola súa banda, a cláusula 4ª do contrato dispón que o prazo será de catro anos prorrogables por outros dous anos máis.

Asemade, o Prego de cláusulas administrativas dispón, na súa cláusula 2.3, que o prazo de execución do contrato será o establecido no apartado 7.1.2 da FEC ("Duración do contrato: catro anos") e que, o dito prazo, poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 7.3 da FEC:

"prórroga do contrato: Si.

7.3.1. En caso afirmativo duración: dous anos"

Na actualidade os servizos vixilancia e seguridade das Oficinas Municipais de Distrito, se desenvolven conforme o disposto no prego de condicións técnicas, en canto a: conexión á central receptora de alarmas do adxudicatario das alarmas existentes nos centros e instalacións anexas, visitas de mantemento (dúas a cada un dos centros entre as 21:30 e as 9:30 h. tódolos días do ano; unha entre as 10:00 e as 21:30 h. os domingos e festivos; e unha no momento do peche na tarde das instalacións, cando menos, nas oficinas de Coruxo e Saiáns), servizo de resposta inmediata ante calquera incidencia e, cando menos, dous servizos de acuda incluídos entre as 21:30 e 9:30 horas tódolos días do ano, de balde.

Posto que o prazo de execución do contrato remata o 31 de decembro de 2014, e debido á necesidade de garantir a seguridade, conservación e mantemento das instalacións municipais así como, a integridade das persoas usuarias, e dos bens e equipamento existente naquelas instalacións, faise necesario tramitar a prórroga do contrato de vixilancia e seguridade das Oficinas Municipais de Distrito (anteriormente denominadas Centros Cívicos)

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de actividades en anos anteriores e, polo tanto, se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:  
a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."

Polo anteriormente exposto e, conforme establece o Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a aprobación do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Autoriza-la prórroga de dous anos, para o período comprendido entre o 01-01-2015 ó 31-12-2016, do contrato para a prestación dos servizos de vixilancia e seguridade das Oficinas Municipais de Distrito, dependentes da concellería de Emprego, Participación Cidadá, e Voluntariado, do que é actual adxudicatario, Securitas Seguridad España SA.  
O importe da prórroga será de 151.308,24 euros (75.654,12 euros anuais), sen prexuízo das revisións de prezos que procedan e se imputará á partida 9240 2270100 (VIXILANCIA E SEGURIDADE)

*SEGUNDO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 58 e 59 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LXAP e PAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 116 e 117 da Lei 30/1992, de RXAP e PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(1254).- RECLAMACIÓNS PRESENTADAS Á CONCESIÓN DE AXUDAS DE ESTUDOS DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL, 2013-2014 . EXPTE. 25810/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3.11.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 31.10.14, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*Con data 12 de setembro de 2014, a Xunta de Goberno Local aprobou o expediente de concesión de "Axudas Estudos (FAS) curso 2013-2014", en base a proposta efectuada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social.*

*Contra ditas axudas presentáronse reclamacións por D. José Angel Agra, Abalde, D. Javier Albertos Benayas, D. Vicente Alonso Covelo, D. Mariano Alonso Iglesias, D. Manuel Alvarez Alonso, D. Rogelio Alvarez Torres, D. José M<sup>a</sup> Arango Fernández, D<sup>a</sup> Benilde Bilbao Echegaray, D. Adolfo Borrajo Rodríguez, M<sup>a</sup> Jesús Bragado Rodríguez, D. José Bouzas Novas, D. Manuel Camaño Menduiña, D. David Campos Cereijo, D. Alvaro Castiñeira Cortiñas, D. Luis Comesaña Fernández, D. Antonio Comesaña Solla, D. Ramón Cousiño Sendín, D. Arsenio Díaz del Río Fery, D. Miguel A. De Dios Costas, D. Constantino Domínguez Casales, D<sup>a</sup> Lara Estévez Fernández, D. Carlos Fernández Lorenzo, D. Francisco Fernández Osorio, D. Camilo Fontán Balbuena, D. Francisco José García Soto, D. Enrique García Silva, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Belen Gómez Alvarez, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Concepción González Costas, D<sup>a</sup> Luz María González Domínguez, D. José González Rodríguez, D. Jorge González Vázquez, D. Andres Hervada Ventín, D. José Antonio Iglesias Trabazos, D. Juan Carlos Illan Lombao, D<sup>a</sup>. Margarita Jorge García, D. Juan Carlos López Burgo, D. Jesús López Riocabo, D. Isidro López Vázquez, D. Fernando Molina Magdalena, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Mouriño Barros, D. Jorge Muñoz Rama, D<sup>a</sup> Beatriz Muradas Blanco, D. Javier Muradas Blanco, D. Marcos Otero Sotelo, D<sup>a</sup> Concepción Perez Eiroa, D. José Francisco Pérez Rodríguez, D. Isidro Piñeiro Pérez, D<sup>a</sup> Julia M. Portabales González, D. Nilo Prieto González, D. Manuel Reboredo Iglesias, D<sup>a</sup> Rita Rielo Franco, D. Felix Rivera Couñago, D. Enrique Rodríguez Bastos, D. José Julio Rodríguez Granja, D. Victor Manuel Rodríguez Moreira, D. Cesar Sieiro Cerdeira, D. José Manuel Sierra Castelo, D. José Manuel Suarez Fernández, D. José Antonio Veiga de Sousa, D. José Antonio Villar Comesaña, D. José Manuel Villar Fernández, D. Antonio Vivero Mijares, D. Juan Guillermo Vivero Mijares, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Galego Sánchez, D<sup>a</sup> Raquel Núñez Hernández e D<sup>a</sup> Concepción Ocampo Cardalda que foron resoltas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, con data 16 de outubro de 2014, remitindo a este Servizo de Recursos Humanos acordo ao respecto.*

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- *Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014.*

II.- *Artigos 29, 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.*

*A presente autorización outórgase nun máximo total de 160 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de agosto ao 30 de setembro de 2014, nos termos dos escritos asinados pola Directora do Laboratorio Municipal en data 24/07/2014, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e tendo en conta o acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.*

*SEGUNDO.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2013, nos termos do establecido na Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.*

*TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante, Sr. Concelleiro/a delegado/a da Área e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

Con data 25.08.14, o concelleiro delegado de Xestión municipal, resolve de conformidade co precedente informe.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

N) AUTORIZACIÓN DE REALIZACIÓN DE HORAS EXTRAORDINARIAS FORA DA XORNADA LABORAL PARA A XERENCIA DO PARQUE CENTRAL (OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2014). EXPTE. 25709/220.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Avaliación e formación de Recursos Humanos, do 13.10.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

1.- En data 12/09/2014 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para a Xerencia do Parque Central, asinadas polo xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área, a fin de ser realizadas por parte dos empregados municipais seguintes:

Posto	Servizo	NP	Nome
OFICIAL ALMACENEIRO/A	UN.P.CENTRAL DE SERVICIOS	7232	ABELLEIRA PORRUA, GUILLERMO
OFICIAL ALMACENEIRO/A	UN.P.CENTRAL DE SERVICIOS	11854	RODRIGUEZ LESTON, BERNARDO
VIXIANTE EN XERAL	UN.P.CENTRAL DE SERVICIOS	15438	RODRIGUEZ LEIROS, ALFONSO
VIXIANTE XERAL	UN.P.CENTRAL DE SERVICIOS	9917	OLIVEIRA QUINTAS, MANUEL
XEFE/A EQUIPO OFICIOS	UN.P.CENTRAL DE SERVICIOS	17242	ALONSO ALONSO, MIGUEL ANGEL
XEFE/A EQUIPO OFICIOS	UN.P.CENTRAL DE SERVICIOS	17354	PEREZ FERNANDEZ, JOSE ALF
CONDUCTOR/A PALISTA ZONDAL	PARQUE MOBIL	15272	COMESAÑA DAVILA, JOSE A.
OFICIAL CONDUCTOR/A	PARQUE MOBIL	82144	TRONCOSO MARTINEZ, AVELINO
OFICIAL CONDUCTOR/A	PARQUE MOBIL	13209	CUERVO COOMONTE, LUCIANO
OFICIAL CONDUCTOR/A	PARQUE MOBIL	79385	COMESAÑA FERNANDEZ, LUIS
OFICIAL CONDUCTOR/A	PARQUE MOBIL	80659	CARBALLO MAGARIÑOS, JESUS
OF. ELECTRICISTA	ELECTROMECHANICOS	80359	RODRIGUEZ BOENTE, EDUARDO
OF. ELECTRICISTA	ELECTROMECHANICOS	22786	ARIAS RODRIGUEZ, DAMASO
OF. ELECTRICISTA	ELECTROMECHANICOS	13528	AIRA PEREIRO, EMILIO

Por parte do servizo solicitante estímase un total de 450 horas, a realizar durante os meses de outubro, novembro e decembro de 2014, para adecuar as almacenaxes en cumprimento dos informes Técnicos de Prevención, sen obstaculizar os movementos diarios de materiais no horario habitual, entrega e recollida de bicicletas na campaña de "Unha bici un sorriso" e apertura de instalacións para o persoal de Limpeza e Vigoemprega que comezan a xornada as 06:45 e as 07:30 horas.

2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 6/10/2014 ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:

1.-Segundo se establece no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", os servizos extraordinarios en exceso sobre a

xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014 e normativa de concordante e procedente aplicación.

III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.

Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.

IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Acordo da Xunta de Goberno Local de 30.07.2014) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“PRIMEIRO.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito ao Servizo do Parque Móbil, que seguidamente se indica:

ABELLEIRA PORRUA, GUILLERMO (nº persoal 7232)  
RODRIGUEZ LESTON, BERNARDO (nº persoal 11854)  
RODRIGUEZ LEIROS, ALFONSO (nº persoal 15438)  
OLIVEIRA QUINTAS, MANUEL (nº persoal 9917)  
ALONSO ALONSO, MIGUEL ANGEL (nº persoal 17242)  
PEREZ FERNANDEZ, JOSE ALF (nº persoal 17354)  
COMESAÑA DAVILA, JOSE A. (nº persoal 15272)

TRONCOSO MARTINEZ, AVELINO (nº persoal 82144)  
CUERVO COOMONTE, LUCIANO (nº persoal 13209)  
COMESAÑA FERNANDEZ, LUIS (nº persoal 79385)  
CARBALLO MAGARIÑOS, JESUS (nº persoal 80659)  
RODRIGUEZ BOENTE, EDUARDO (nº persoal 80359)  
ARIAS RODRIGUEZ, DAMASO (nº persoal 22786)

A presente autorización outórgase nun máximo total de 450 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de outubro ao 31 de decembro de 2014, nos termos dos escritos asinados polo xefe da Área de Servizos Xerais en data 10/09/2014, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo" e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

SEGUNDO.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2013, nos termos do establecido na Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."

Con data 28.10.14, o concelleiro delegado de Xestión municipal, resolve de conformidade co precedente informe.

Con data 14.10.14, o concelleiro delegado de Xestión municipal, resolve de conformidade co precedente informe.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

O) AUTORIZACIÓN DE REALIZACIÓN DE HORAS EXTRAORDINARIAS FORA DA XORNADA LABORAL PARA O SERVIZO DE MUSEOS (OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2014). EXPTE. 942/341.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Avaliación e formación de Recursos Humanos, do 27.10.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

1.- En data 20/10/2014 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para o servizo de Museos, asinada polo xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área, a fin de ser realizadas por don Ramón Vázquez Martínez (nº de persoal 16478).



*Por parte do servizo solicitante estímase un total de 20 horas, a realizar durante os meses de outubro, novembro e decembro de 2014, para a atención a entrada e saída de empresas ou profesionais para a prestación de servizos, polo que resulta necesaria a presenza e colaboración de dito funcionario.*

*2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 24/10/2014 ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.*

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

*Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:*

*I.- Segundo se establece no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.*

*No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.*

*II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014 e normativa de concordante e procedente aplicación.*

*III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.*

*Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.*

IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Acordo da Xunta de Goberno Local de 30.07.2014) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

*“PRIMEIRO.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral ao funcionario do servizo de Museos, don Ramón Vázquez Pedrido (nº persoal 16478).*

*A presente autorización outórgase nun máximo total de 48 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de outubro ao 31 de decembro de 2014, nos termos dos escrito asinado polo xefe do servizo de Museos en data 20/10/2014 , que serán compensadas nos termos do previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.*

*SEGUNDO.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2013, nos termos do establecido na Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.*

*TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

Con data 27.10.14, o concelleiro delegado de Xestión municipal, resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

## **16(1256).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

### **A) ASOCIACIÓN FESTAS DO ROSARIO. EXPTE. 90647/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.10.14, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 28.10.14, que di o seguinte:

*Segundo consta no expediente de referencia, a ASOCIACIÓN FESTAS DO ROSARIO CIF G 36710689 constituíu garantía por contía de 2.000 €, segundo a carta de pagamento MANOIF nº 201400062200 DE DATA 01/09/14 , para responder dos posibles danos que se derivasen da celebración da festa na honra da nosa SEÑORA DO ROSARIO realizada en datas 6,7 E 8 DE SETEMBRO do ano en curso na parroquia de san Andrés de Comesaña.*

En data 10/09/14 , a ASOCIACIÓN FIESTAS DEL ROSARIO número de documento 140107773 solicita a devolución da citada garantía.

Solicitado informe ao servizo de Montes, Parques e Xardíns, sobre a devolución da fianza o xefe do citado servizo , informa en data 22/09 de 2014 ,que non existe inconveniente en acceder á devolución da citada fianza xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

Con data 08/10/14 do ano que andamos, o Interventor Xeral informa favorablemente a devolución da citada fianza.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

DEVOLVER a ASOCIACIÓN FESTAS DO ROSARIO CIF G 36710689 , a fianza de 2000 € constituída para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración das FESTAS na honra da nosa señora do rosario realizada en datas 6,7 e 8 de setembro na parroquia de San Andrés de Comesaña , xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **B) IRMANDADE DE FESTAS SANTA ANA. EXPTE. 90484/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.10.14, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 28.10.14, que di o seguinte:

Segundo consta no expediente de referencia, a IRMANDADE DE FESTAS SANTA ANA CIF G36648095 constituíu garantía por contía de 2.000 €, segundo a carta de pagamento MANOIF nº 201400052065 de data 15/7/14 , para responder dos posíbeis danos que se derivasen da celebración das FESTAS DE SANTA ANA realizada en datas 25 ao 28 de xullo de 2014 na Alameda de Beade.

En data 16/09/14 , a IRMANDADE DE FESTAS SANTA ANA CIF G36648095 número de documento 140109921 solicita a devolución da citada garantía.

Solicitado informe ao servizo de Montes, Parques e Xardíns, sobre a devolución da fianza o xefe do citado servizo , informa en data 18/09 de 2014 , que non existe inconveniente en acceder á devolución da citada fianza xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

Con data 08/10/2014 do ano que andamos, o Interventor Xeral informa favorablemente a devolución da citada fianza.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO

DEVOLVER a IRMANDADE DE FESTAS SANTA ANA CIF G36648095 , a fianza de 2000 € constituída para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración das FESTAS DE SANTA ANA realizadas en datas 25,26,27 e 28 de xullo na alameda de Beade , xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **C) ASOCIACIÓN CULTURAL DA CEREIXA. EXPTE. 90515/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.10.14, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 28.10.14, que di o seguinte:

*Segundo consta no expediente de referencia, a ASOCIACION CULTURAL DA CEREIXA CIF G 27753417 constituíu garantía por contía de 1.000 €, segundo a carta de pagamento IF nº 201400057163 de data 09/07/14 , para responder dos posíbeis danos que se derivasen da celebración do IV FESTIVAL OUBEADE realizada en datas 10,11,12 e 13 de xullo de 2014 no parque forestal de Beade*

*En data 17/09/14 , a ASOCIACION CULTURAL DA CEREIXA CIF G 27753417 número de documento 140110518 solicita a devolución da citada garantía.*

*Solicitado informe ao servizo de Montes, Parques e Xardíns, sobre a devolución da fianza o xefe do citado servizo , informa en data 03/10 de 2014 ,que non existe inconveniente en acceder á devolución da citada fianza xa que non houbo danos nos espazos ocupados.*

*Con data 10/10/2014 do ano que andamos, o Interventor Xeral informa favorablemente a devolución da citada fianza.*

*Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:*

*DEVOLVER a ASOCIACION CULTURAL DA CEREIXA CIF G 27753417, a fianza de 1000 € constituída para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración do IV FESTIVAL OUBEADE realizada en datas 10,11,12 e 13 de xullo no parque forestal de Beade , xa que non houbo danos nos espazos ocupados.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **D) COMISIÓN DE FESTAS DE SAN PAIO DE NAVIA. EXPTE. 90715/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17.10.14, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 28.10.14, que di o seguinte:

*Segundo consta no expediente de referencia, a COMISIÓN DE FESTAS DE SAN PAIO DE NAVIA CIF G 36881530 constituíu garantía por contía de 2.000 €, segundo a carta de pagamento MANOIF nº 201400064529 de data 19/9/14 , para responder dos posíbeis danos que se derivasen da celebración da FESTA DO ROSARIO DE SAN PAIO DE NAVIA realizada en data 28 de setembro de 2014 na Alameda de San Paio de Navia.*

*En data 06/10/14 , a COMISIÓN DE FESTAS DE SAN PAIO DE NAVIA CIF G 36881530 número de documento 140119348 solicita a devolución da citada garantía.*

Solicitado informe ao servizo de Montes, Parques e Xardíns, sobre a devolución da fianza o xefe do citado servizo , informa en data 13/10 de 2014 ,que non existe inconveniente en acceder á devolución da citada fianza xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

Con data 17/10/2014 do ano que andamos, o Interventor Xeral informa favorablemente a devolución da citada fianza.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO

DEVOLVER a COMISIÓN DE FESTAS DE SAN PAIO DE NAVIA CIF G 36881530 , a fianza de 2000 € constituída para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración da FESTA DO ROSARIO DE SAN PAIO DE NAVIA realizada en data 28 de setembro de 2014 na alameda de San Paio de navia , xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(1257).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA GERONA”. FASE 1”. EXPTE. 2675/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27.10.14, o informe de fiscalización do 4.11.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento do 31.10.14, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento e a concelleira-delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

#### *1.- Antecedentes.*

Con data 3 de outubro de 2014, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto básico e de execución das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA GERONA. FASE 1", redactado pola empresa TECNIGAL, S.L. polo ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS Pablo López Fernández e o ENXEÑEIRO INDUSTRIAL José Manuel Fouces Díaz e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO Álvaro Crespo Casal, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS CINCOENTA MIL (350.000 €) e que se contén no expediente 2588-440.

Con data 13 de outubro de 2014, o concelleiro-delegado da Área de Fomento ordenou a esta xefatura o inicio do expediente administrativo necesario para a contratación das referidas obras.

No expediente inclúese a seguinte documentación:

a) O proxecto obxecto do expediente consta anexado no expediente 2588-440, no que se atopa incluído informe da Oficina de Supervisión de Proxectos que recolle a indicación expresa da adecuación do proxecto á normativa xeral e sectorial, así como á adecuación á normativa técnica de aplicación.

b) Acta de replanteo asinada polo Xefe de Área de Fomento con data 13 de outubro de 2014.

c) Prego de prescricións técnicas particulares elaborado pola empresa redactora do proxecto (Tecnigal, S.L.) e incluído no proxecto recollido no expediente 2588-440, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 3 de outubro de 2014.

d) Prego de Clausulas Administrativas Particulares, redactado pola Área de Fomento, de data 13 de outubro de 2014.

e) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 27 de outubro de 2014.

f) Documento contable referido a existencia de crédito para financiación das obras.

Incluído no proxecto figura o seguinte cadro de persoal mínimo:

<b>Persoal</b>	<b>Horas</b>
Xefe de obra . Enxeñeiro Superior ou Técnico de Obras Públicas / Arquitecto Superior	70
Xefe de produción	56
Topógrafo	44
Capataz	140
Oficial de 1ª	680
Oficial de 2ª	340
Peons ordinarios	1.100
Peons especializados	230
Axudantes	295

Unha vez analizado o proxecto, comprobouse que nesta táboa de persoal existe un erro co número de horas mínimas a realizar por determinadas categorías de persoal e que debería ser a que a continuación se indica e que figura no prego de cláusulas administrativas particulares:

<b>Persoal</b>	<b>Horas</b>
Xefe de obra . Enxeñeiro Superior ou Técnico de Obras Públicas / Arquitecto Superior	70
Xefe de produción	56
Topógrafo	44
Capataz	87
Oficial de 1ª	656
Oficial de 2ª	307
Peons ordinarios	670
Peons especializados	365
Axudantes	94

Polo cal procede propoñer nesta proposta a corrección do erro aritmético detectado no cadro incluído no proxecto aprobado pola XGL de data 3 de outubro no expediente 2588-440.

## 2.- Condicións definitorias do contrato:

Destacan as seguintes:

### a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato:

O obxecto consiste na execución das obras previstas no proxecto " HUMANIZACIÓN DA RÚA GERONA. FASE 1". Estas obras supoñen sen ningunha dúbida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos

públicos que prestan ditas infraestructuras, e con elas se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal contan ca natureza de "investimentos reais".

O contrato, polo seu obxecto, é de obra, previsto no artigo 6 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido", son os definidos na memoria descritiva que contén o expediente 2588-440 do proxecto da obra aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 3 de outubro de 2014 que se achega a éste, pasando a formar parte do mesmo.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), "infraestructuras viarias e outros equipamentos da súa titularidade".

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:

A tramitación do presente expediente fárase a través de procedemento aberto, e en forma ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

c.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o orzamento máximo de licitación que servirá como base para a execución deste contrato, será o que figura no proxecto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 3 de outubro de 2014, redactado pola empresa TECNIGAL, S.L. e está establecido en base aos prezos de mercado para cada unha das unidades de obra que figuran no proxecto; supón un total de 350.000 €, dos que 60.743,80 € corresponden ao IVE; poderá ser rebaixado polos licitadores nas súas ofertas para establecer o prezo do contrato.

O valor estimado do contrato estipúlase en 347.107,44 €.

Para a súa financiación aplicaránse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na partida 1550.619.00.09 "1ª FASE HUMANIZACIÓN RUA GERONA" que conta coa condición de adecuada e suficiente para a execución das obras.

O gasto proposto, cumpre co principio de sustentabilidade financeira, esixido polo artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, xa que conta con cobertura dentro do actual orzamento como xa se indicou, e que a partida á que se aplica ten carácter finalista, polo que con cargo a ela non se poderá asumir ningunha outra obriga polo Concello, nin producirse polo tanto ningún desequilibrio orzamentario.

d.- Revisión de prezos:

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos.

e.- Prazo de execución e prórroga:

De acordo co proxecto básico e de execución das obras, o prazo máximo de execución establececese en 4 meses.

Dito prazo poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando concorran algunha das seguintes causas:

A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder éste da metade do prazo inicial.

O incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ao contratista, debidas a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se

comprometa a executar as obras nun prazo igual ao do tempo perdido e solicite a prórroga conforme ó disposto no artigo 100 RXLCAP.

Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mutuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso o contrato se prorrogará por un prazo igual ao do tempo quee tiña permanecido suspendido.

f.- Prazo de garantía:

Establecese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende que se asine a acta de recepción das obras. Poderá ser ampliado polos licitadores nas súas ofertas.

g.- Esixencia de Clasificación ou no seu caso solvencia:

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, non se esixe clasificación para este contrato.

Non se fixan outros medios para acreditar a solvencia económica, financeira e técnica que os que figuran no prego.

A referida solvencia poderá acreditarse presentando a documentación xustificativa de contar coa seguinte clasificación:

Grupo G, Subgrupo 6, Categoría c.

h.- Modificación do contrato:

A coantía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato. As modificacións das características das unidades de pavimentación non poderá afectar ao prezo do mesmo.

i.- Subcontratación:

Autorízase co límite máximo do 50 %.

j.- Responsable do Contrato:

O responsable do Contrato será o Xefe da Área de Fomento. Así mesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa municipal e un coordinador de seguridade para o seguimento da obra.

k.- Criterios de valoración e xustificación dos mesmos:

En relación aos criterios de valoración das ofertas, todos eles vinculados ao obxecto do contrato, se dá máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa co obxecto do contrato se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas concretas (80%), deixando o 20 % restante para criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.

**k.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR:**

k.1.1.- Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra

Valoración do criterio: doce (12) puntos.

A valoración da memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

1.- Descrición analítica e detallada do proxecto: se valorará con ata 2 puntos.

2.- A análise do ámbito de actuación da obra e os procesos de implantación de medios para a obra, e a súa explicación gráfica: se valorará con ata 5 puntos.



3.- A análise e descrición da planificación da obra en relación aos equipos materiais e humanos adscritos a mesma, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación aos prazos de execución propostos: se valorará con ata 5 puntos.

k.1.2.- Plan de control de calidade:

Valoración do criterio: Para a calificación deste apartado, procederase a valoración ata un máximo de cinco (5) puntos.

A valoración da Memoria sobre o plan de calidade será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

1.- A descrición analítica e detallada do plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 2,5 puntos.

2.- A descrición do plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 2,5 puntos.

k.1.3.- Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais:

Valoración do criterio: Se valorará ate un máximo de tres (3)puntos .

k.2.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULA:

k.2.1.- Prezo ofertado: O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de SESENTA E CINCO (65) puntos.

k.2.2.-Prazo de garantía: Valorarase ata un máximo de QUINCE (15).

3.- PROPOSTA:

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente dacordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a corrección do erro aritmético detectado no cadro de persoal mínimo incluído no proxecto que contén o expediente nº 2588-440, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 3 de outubro de 2014, polo cal se deberá atender a seguinte referencia de persoal mínimo :

Persoal	Horas
Xefe de obra . Enxeñeiro Superior ou Técnico de Obras Públicas / Arquitecto Superior	70
Xefe de produción	56
Topógrafo	44
Capataz	87
Oficial de 1ª	656
Oficial de 2ª	307
Peons ordinarios	670
Peons especializados	365
Axudantes	94

Segundo: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto "HUMANIZACIÓN DA RÚA GERONA. FASE 1"

Terceiro: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Área de Fomento en data 13 de outubro de 2014.

Cuarto: Autorizar o gasto por un importe máximo 350.000 € dos que 60.743,80 € corresponden o IVE, con cargo a partida 1550.619.00.09 "1ª FASE HUMANIZACIÓN RÚA GERONA".

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **18(1258).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO "HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN. FASE 3". EXPTE. 2674/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27.10.14, o informe de fiscalización do 31.10.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento do 29.10.14, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento e a concelleira-delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

### *1.- Antecedentes.*

*Con data 3 de outubro de 2014, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto básico e de execución das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN. FASE 3", redactado pola empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA polo ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS Luis Vilar Montoro e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO Álvaro Crespo Casal, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS MIL (300.000 €) e que se contén no expediente 2627-440.*

*Con data 9 de outubro de 2014, o concelleiro-delegado da Área de Fomento ordenou a esta xefatura o inicio do expediente administrativo necesario para a contratación das referidas obras.*

*No expediente inclúese a seguinte documentación:*

*a) O proxecto obxecto do expediente consta anexado no expediente 2627-440, no que se atopa incluído informe da Oficina de Supervisión de Proxectos que recolle a indicación expresa da adecuación do proxecto á normativa xeral e sectorial, así como á adecuación á normativa técnica de aplicación.*

*b) Acta de replanteo asinada polo Xefe de Área de Fomento con data 14 de outubro de 2014.*

*c) Prego de prescricións técnicas particulares redactado pola empresa redactora do proxecto (Vilar Montoro Ingeniería) e incluído no proxecto recollido no expediente 2627-440, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 3 de outubro de 2014.*

*d) Prego de Clausulas Administrativas Particulares, redactado pola Área de Fomento, de data 13 de outubro de 2014.*

*e) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 27 de outubro de 2014.*

*f) Documento contable referido a existencia de crédito para financiación das obras.*

### 2.- Condicións definitivas do contrato:

Destacan as seguintes:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato:

O obxecto consiste na execución das obras previstas no proxecto “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN. FASE 3”. Estas obras supoñen sen ningunha dubida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas infraestruturas, e con elas se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal contan ca natureza de “investimentos reais”.

O contrato, polo seu obxecto, é de obra, previsto no artigo 6 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa “natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido”, son os definidos na memoria descritiva que contén o expediente 2627-440 do proxecto da obra aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 3 de outubro de 2014 que se achega a éste, pasando a formar parte do mesmo.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), “infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade”.

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:

A tramitación do presente expediente fárase a través de procedemento aberto, e en forma ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

c.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o orzamento máximo de licitación que servirá como base para a execución deste contrato, será o que figura no proxecto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 3 de outubro de 2014, redactado pola empresa Vilar Montoro Ingeniería e está establecido en base aos prezos de mercado para cada unha das unidades de obra que figuran no proxecto; supón un total de 300.000 €, dos que 52.066,12 € corresponden ao IVE; poderá ser rebaixado polos licitadores nas súas ofertas para establecer o prezo do contrato.

O valor estimado do contrato estipúlase en 297.520,66 €.

Para a súa financiación aplicaránse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na partida 1550.619.00.28 “3ª FASE HUMANIZACIÓN RÚA ARAGÓN” que conta coa condición de adecuada e suficiente para a execución das obras.

O gasto proposto, cumpre co principio de sustentabilidade financeira, esixido polo artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, xa que conta con cobertura dentro do actual orzamento como xa se indicou, e que a partida á que se aplica ten carácter finalista, polo que con cargo a ela non se poderá asumir ningunha outra obriga polo Concello, nin producirse polo tanto ningún desequilibrio orzamentario.

d.- Revisión de prezos:

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos.

e.- Prazo de execución e prórroga:

De acordo co proxecto básico e de execución das obras, o prazo máximo de execución establececese en 4 meses.

Dito prazo poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando concorran algunha das seguintes causas:

- A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder éste da metade do prazo inicial.
- O incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ao contratista, debidas a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ao do tempo perdido e solicite a prórroga conforme ó disposto no artigo 100 RXLCAP.
- Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mutuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso o contrato se prorrogará por un prazo igual ao do tempo quee tiña permanecido suspendido.

f.- Prazo de garantía:

Establecese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende que se asine a acta de recepción das obras. Poderá ser ampliado polos licitadores nas súas ofertas.

g.- Esixencia de Clasificación ou no seu caso solvencia:

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, non se esixe clasificación para este contrato.

Non se fixan outros medios para acreditar a solvencia económica, financeira e técnica que os que figuran no prego.

A referida solvencia poderá acreditarse presentando a documentación xustificativa de contar coa seguinte clasificación:

- Grupo G, Subgrupo 6, Categoría b., e Grupo K, Subgrupo 6, Categoría b., e Grupo E, Subgrupo 1, Categoría b.

h.- Modificación do contrato:

A coantía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato. As modificacións das características das unidades de pavimentación non poderá afectar ao prezo do mesmo.

i.- Subcontratación:

Autorízase co límite máximo do 50 %.

j.- Responsable do Contrato:

O responsable do Contrato será o Xefe da Área de Fomento. Así mesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa municipal e un coordinador de seguridade para o seguimento da obra.

k.- Criterios de valoración e xustificación dos mesmos:

En relación aos criterios de valoración das ofertas, todos eles vinculados ao obxecto do contrato, se dá máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa co obxecto do contrato se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas concretas (80%), deixando o 20 % restante para criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.

k.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR:

k.1.1.- Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra

Valoración do criterio: doce (12) puntos.

A valoración da memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

- 1.- Descrición analítica e detallada do proxecto: se valorará con ata 2 puntos.
- 2.- A análise do ámbito de actuación da obra e os procesos de implantación de medios para a obra, e a súa explicación gráfica: se valorará con ata 5 puntos.
- 3.- A análise e descrición da planificación da obra en relación aos equipos materiais e humanos adscritos a mesma, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación aos prazos de execución propostos: se valorará con ata 5 puntos.

*k.1.2.- Plan de control de calidade:*

Valoración do criterio: Para a calificación deste apartado, procederase a valoración ata un máximo de cinco (5) puntos.

A valoración da Memoria sobre o plan de calidade será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

- 1.- A descrición analítica e detallada do plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 2,5 puntos.
- 2.- A descrición do plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 2,5 puntos.

*k.1.3.- Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais:*

Valoración do criterio: Se valorará ate un máximo de tres (3) puntos.

*k.2.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULA:*

*k.2.1.- Prezo ofertado*: O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de SESENTA E CINCO (65) puntos.

*k.2.2.-Prazo de garantía*: Valorarase ata un máximo de QUINCE (15).

### 3.- PROPOSTA:

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente dacordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto "HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN. FASE 3"

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Área de Fomento en data 13 de outubro de 2014.

Terceiro: Autorizar o gasto por un importe máximo 300.000 € dos que 52.066,12 € corresponden o IVE, con cargo a partida 1550.619.00.28 "3ª FASE HUMANIZACIÓN RÚA ARAGÓN.

Cuarto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(1259).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO ESPINO, FASE 1". EXPTE. 2676/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23.10.14, o informe de fiscalización do 31.10.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento do 29.10.14, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento e a concelleira-delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

1.- *Antecedentes.*

Con data 3 de outubro de 2014, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto básico e de execución das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO ESPINO, FASE 1", a empresa INGENIA, presenta o proxecto redactado pola ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS María Ferreiro Núñez e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO Álvaro Crespo Casal, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS MIL (400.000 €), e que se contén no expediente 2587-440.

Con data 8 de outubro de 2014, o concelleiro-delegado da Área de Fomento ordenou a esta xefatura o inicio do expediente administrativo necesario para a contratación das referidas obras.

No expediente inclúese a seguinte documentación:

a) O proxecto obxecto do expediente consta anexado no expediente 2587-440, no que se atopa incluído informe da Oficina de Supervisión de Proxectos que recolle a indicación expresa da adecuación do proxecto á normativa xeral e sectorial, así como á adecuación á normativa técnica de aplicación.

b) Acta de replanteo asinada polo Xefe de Área de Fomento con data 14 de outubro de 2014.

c) Prego de prescricións técnicas particulares redactado pola empresa redactora do proxecto (Ingenia) e incluído no proxecto recollido no expediente 2587-440, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 3 de outubro de 2014.

d) Prego de Clausulas Administrativas Particulares, redactado pola Área de Fomento, de data 13 de outubro de 2014.

e) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 27 de outubro de 2014.

f) Documento contable referido a existencia de crédito para financiación das obras.

2.- Condicións definatorias do contrato:

Destacan as seguintes:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato:

O obxecto consiste na execución das obras previstas no proxecto " "HUMANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO ESPINO, FASE 1". Estas obras supoñen sen ningunha dubida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas infraestruturas, e con elas se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal contan ca natureza de "investimentos reais".

O contrato, polo seu obxecto, é de obra, previsto no artigo 6 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido", son os definidos na memoria descritiva que contén o expediente 2587-440 do proxecto da obra aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 3 de outubro de 2014 que se achega a éste, pasando a formar parte do mesmo.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), "infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade".

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:

A tramitación do presente expediente fárase a través de procedemento aberto, e en forma ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

c.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o orzamento máximo de licitación que servirá como base para a execución deste contrato, será o que figura no proxecto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 3 de outubro de 2014, redactado pola empresa INGENIA e está establecido en base aos prezos de mercado para cada unha das unidades de obra que figuran no proxecto; supón un total de 400.000 €, dos que 69.421,49 € corresponden ao IVE; poderá ser rebaixado polos licitadores nas súas ofertas para establecer o prezo do contrato.

O valor estimado do contrato estipúlase en 396.694,21 €.

Para a súa financiación aplicaránse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na partida 1550.619.00.08 "1ª FASE HUMANIZACIÓN GREGORIO ESPINO" que conta coa condición de adecuada e suficiente para a execución das obras.

O gasto proposto, cumpre co principio de sustentabilidade financeira, esixido polo artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, xa que conta con cobertura dentro do actual orzamento como xa se indicou, e que a partida á que se aplica ten carácter finalista, polo que con cargo a ela non se poderá asumir ningunha outra obriga polo Concello, nin producirse polo tanto ningún desequilibrio orzamentario.

d.- Revisión de prezos:

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos.

e.- Prazo de execución e prórroga:

De acordo co proxecto básico e de execución das obras, o prazo máximo de execución establececese en 4 meses.

Dito prazo poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando concorran algunha das seguintes causas:

- A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder éste da metade do prazo inicial.
- O incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ao contratista, debidas a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ao do tempo perdido e solicite a prórroga conforme ó disposto no artigo 100 RXLCAP.
- Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mutuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso o contrato se prorrogará por un prazo igual ao do tempo quee tiña permanecido suspendido.

f.- Prazo de garantía:

Establecese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende que se asine a acta de recepción das obras. Poderá ser ampliado polos licitadores nas súas ofertas.

g.- Esixencia de Clasificación ou no seu caso solvencia:

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, non se esixe clasificación para este contrato.

Non se fixan outros medios para acreditar a solvencia económica, financeira e técnica que os que figuran no prego.

A referida solvencia poderá acreditarse presentando a documentación xustificativa de contar coa seguinte clasificación:

- Grupo G, Subgrupo 6, Categoría c.

h.- Modificación do contrato:

A coantía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato. As modificacións das características das unidades de pavimentación non poderá afectar ao prezo do mesmo.

i.-Subcontratación:

Autorízase co límite máximo do 50 %.

j.- Responsable do Contrato:

O responsable do Contrato será o Xefe da Área de Fomento. Así mesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa municipal e un coordinador de seguridade para o seguimento da obra.

k.- Criterios de valoración e xustificación dos mesmos:

En relación aos criterios de valoración das ofertas, todos eles vinculados ao obxecto do contrato, se dá máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa co obxecto do contrato se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas concretas (80%), deixando o 20 % restante para criterios avaliados mediante xuízo de valor.

**k.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR:**

k.1.1.- Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra

Valoración do criterio: doce (12) puntos.

A valoración da memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

- 1.- Descrición analítica e detallada do proxecto: se valorará con ata 2 puntos.
- 2.- A análise do ámbito de actuación da obra e os procesos de implantación de medios para a obra, e a súa explicación gráfica: se valorará con ata 5 puntos.
- 3.- A análise e descrición da planificación da obra en relación aos equipos materiais e humanos adscritos a mesma, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación aos prazos de execución propostos: se valorará con ata 5 puntos.

k.1.2.- Plan de control de calidade:

Valoración do criterio: Para a calificación deste apartado, procederase a valoración ata un máximo de cinco (5) puntos.

A valoración da Memoria sobre o plan de calidade será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

- 1.- A descrición analítica e detallada do plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 2,5 puntos.
- 2.- A descrición do plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 2,5 puntos.

k.1.3.- Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais:

Valoración do criterio: Se valorará ate un máximo de tres (3) puntos .

**k.2.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULA:**

k.2.1.- Prezo ofertado: O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de **SESENTA E CINCO (65) puntos.**

k.2.2.-Prazo de garantía: Valorarase ata un máximo de **QUINCE (15).**



### 3.- PROPOSTA:

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente dacordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

*Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto "HUMANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO ESPINO, FASE 1".*

*Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Área de Fomento en data 13 de outubro de 2014.*

*Terceiro: Autorizar o gasto por un importe máximo 400.000 € dos que 69.421,49 € corresponden o IVE, con cargo a partida 1550.619.00.08 "1ª FASE HUMANIZACIÓN GREGORIO ESPINO".*

*Cuarto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **20(1260).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE AVDA. DAS CAMELIAS E MENÉNDEZ PELAYO". EXPTE. 2678/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27.10.14, o informe de fiscalización do 4.11.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento do 29.10.14, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento e a concelleira-delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

### *1.- Antecedentes.*

*Con data 3 de outubro de 2014, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto básico e de execución das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE AVDA. DAS CAMELIAS E MENÉNDEZ PELAYO", cunha corrección de erros de data 8 de outubro, redactado pola empresa PETTRA, S.L. polo ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS Santiago N. López Fontán e polo ARQUITECTO Antonio Iglesias Álvaro-García dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO, Álvaro Crespo Casal, cun orzamento base de licitación de SEISCENTOS TRINTA MIL EUROS (630.000,00 €) e que se contén no expediente 2585/440.*

*Con data 13 de outubro de 2014, o concelleiro-delegado da Área de Fomento ordenou a esta xefatura o inicio do expediente administrativo necesario para a contratación das referidas obras. No expediente inclúese a seguinte documentación:*

*a) O proxecto obxecto do expediente consta anexado no expediente 2585-440 no que se atopa incluído informe da Oficina de Supervisión de Proxectos que recolle a indicación expresa da adecuación do proxecto á normativa xeral e sectorial, así como á adecuación á normativa técnica de aplicación.*

- b) Acta de replanteo asinada polo Xefe de Área de Fomento con data 14 de outubro de 2014.
- c) Prego de prescricións técnicas particulares redactado pola empresa redactora do proxecto (Petra, S.L.) e incluído no proxecto recollido no expediente 2585-440 aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 3 de outubro de 2014.
- d) Prego de Clausulas Administrativas Particulares, redactado pola Área de Fomento, de data 13 de outubro de 2014.
- e) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 27 de outubro de 2014.
- f) Documento contable referido a existencia de crédito para financiación das obras.

## 2.- Condicións definitorias do contrato:

Destacan as seguintes:

### a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato:

O obxecto consiste na execución das obras previstas no proxecto "HUMANIZACIÓN DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE AVDA. DAS CAMELIAS E MENÉNDEZ PELAYO". Estas obras supoñen sen ningunha dubida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas infraestruturas, e con elas se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal contan ca natureza de "investimentos reais".

O contrato, polo seu obxecto, é de obra, previsto no artigo 6 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido", son os definidos na memoria descritiva que contén o expediente 2585-440 do proxecto da obra aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 3 de outubro de 2014 que se achega a éste, pasando a formar parte do mesmo.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), "infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade".

### b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:

A tramitación do presente expediente fárase a través de procedemento aberto, e en forma ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

### c.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o orzamento máximo de licitación que servirá como base para a execución deste contrato, será o que figura no proxecto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 3 de outubro de 2014, redactado pola empresa Petra, S.L. está establecido en base aos prezos de mercado para cada unha das unidades de obra que figuran no proxecto; supón un total de 630.000 €, dos que 109.338,84 € corresponden ao IVE; poderá ser rebaixado polos licitadores nas súas ofertas para establecer o prezo do contrato.

O valor estimado do contrato estipúlase en 624.793,39 €.

Trátase dunha obra de carácter plurianual 600.000 € sendo o importe correspondente o IVE o de 104.132,23 Euros. Dito importe deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida 1550.619.00.12 "HUMANIZACIÓN JUAN RAMÓN JIMÉNEZ CAMELIAS M. PELAYO" a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado

O importe correspondente á anualidade 2015, pola cantidade de 30.000 €, será con cargo aos orzamentos correspondentes ao ano 2015.

O gasto proposto, cumpre co principio de sustentabilidade financeira, esixido polo artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, xa que conta con cobertura dentro do actual orzamento como xa se indicou, e que a

*partida á que se aplica ten carácter finalista, polo que con cargo a ela non se poderá asumir ningunha outra obriga polo Concello, nin producirse polo tanto ningún desequilibrio orzamentario.*

*d.- Revisión de prezos:*

*Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos.*

*e.- Prazo de execución e prórroga:*

*De acordo co proxecto básico e de execución das obras, o prazo máximo de execución establececese en 7 meses.*

*Dito prazo poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando concorran algunhas das seguintes causas:*

- A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder éste da metade do prazo inicial.*
- O incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ao contratista, debidas a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ao do tempo perdido e solicite a prórroga conforme ó disposto no artigo 100 RXLCAP.*
- Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mutuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso o contrato se prorrogará por un prazo igual ao do tempo quee tiña permanecido suspendido.*

*f.- Prazo de garantía:*

*Establecese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende que se asine a acta de recepción das obras. Poderá ser ampliado polos licitadores nas súas ofertas.*

*g.- Esixencia de Clasificación ou no seu caso solvencia:*

*De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, a clasificación prevista para este contrato é a seguinte:*

- Grupo A, Subgrupo 1, Categoría a., e Grupo C, Subgrupo 2, Categoría b., e Grupo J, Subgrupo 1, Categoría c.*

*h.- Modificación do contrato:*

*A coantía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato. As modificacións das características das unidades de pavimentación non poderá afectar ao prezo do mesmo.*

*i.-Subcontratación:*

*Autorízase co límite máximo do 50 %.*

*j.- Responsable do Contrato:*

*O responsable do Contrato será o Xefe da Área de Fomento. Así mesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa municipal e un coordinador de seguridade para o seguimento da obra.*

*k.- Criterios de valoración e xustificación dos mesmos:*

*En relación aos criterios de valoración das ofertas, todos eles vinculados ao obxecto do contrato, se dá máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa co obxecto do contrato se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas concretas (80%), deixando o 20 % restante para criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.*

**k.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR:**

**k.1.1.- Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra**

Valoración do criterio: doce (12) puntos.

A valoración da memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

- 1.- Descrición analítica e detallada do proxecto: se valorará con ata 2 puntos.
- 2.- A análise do ámbito de actuación da obra e os procesos de implantación de medios para a obra, e a súa explicación gráfica: se valorará con ata 5 puntos.
- 3.- A análise e descrición da planificación da obra en relación aos equipos materiais e humanos adscritos a mesma, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación aos prazos de execución propostos: se valorará con ata 5 puntos.

k.1.2.- Plan de control de calidade:

Valoración do criterio: Para a calificación deste apartado, procederase a valoración ata un máximo de cinco (5) puntos.

A valoración da Memoria sobre o plan de calidade será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

1.- A descrición analítica e detallada do plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 2,5 puntos.

2.- A descrición do plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 2,5 puntos.

k.1.3.- Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais:

Valoración do criterio: Se valorará ate un máximo de tres (3) puntos .

k.2.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULA:

k.2.1.- Prezo ofertado: O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de SESENTA E CINCO (65) puntos.

k.2.2.-Prazo de garantía: Valorarase ata un máximo de QUINCE (15).

### 3.- PROPOSTA:

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente dacordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto "HUMANIZACIÓN DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE AVDA. DAS CAMELIAS E MENÉNDEZ PELAYO"

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Área de Fomento en data 13 de outubro de 2014.

Terceiro: Autorizar o gasto por un importe máximo 630.000 € dos que 109.338,84 € corresponden o IVE, con cargo a partida 1550.619.00.12 "HUMANIZACIÓN JUAN RAMÓN JIMENEZ", desglosado do seguinte xeito por ser unha obra de carácter plurianual:

Ano 2014 por importe de 600.000 € sendo o importe correspondente o IVE o de 104.132,23 Euros.

O importe correspondente á anualidade 2015, pola cantidade de 30.000 €, será con cargo aos orzamentos correspondentes ao ano 2015.

A aplicación da baixa ofertada polo licitador adxudicatario da obra será de aplicación na segunda anualidade, e no caso de ser maior que dita anualidade, o diferencial será de aplicación a primeira anualidade.

Cuarto: Para posibilitar a execución do proxecto conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, o porcentaxe de gastos establecido para os plurianuais no artigo 174 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais modifícase quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade (2015) nun 4,76 %.

Quinto: *Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(1261).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DA OBRA “RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NO ENTORNO DE CHURRUCA”. EXPTE. 2545/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3.11.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 30.10.14, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro de Área de Fomento, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

*O Sr Concelleiro da Área de Fomento, en data 27 de xaneiro de 2014 declara de urxencia e execución inaprazable o proxecto citado no asunto de referencia.*

*A Xunta de Goberno Local en data 20 de xuño de 2014, acorda a aprobación do proxecto citado no asunto de referencia.*

*En data 20 de xuño de 2014, acordase a aprobación dos custes asociados ao expediente.*

*En data 18 de xullo pasado dase conta á Xunta de Goberno Local dos datos da obra de referencia.*

*O 29 de xullo apróbase o Plan de Seguridade e Saúde, aceptase o Plan de Xestión de Residuos e noméase a Dirección Facultativa.*

*En data 5 de agosto asinase a acta de comprobación de replanteo.*

*O prazo contractual de execución: 6 meses.*

#### **XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO:**

*As obras reflicten as definicións de proxecto, pero existen unha serie de condicionantes que obrigan a xenerar novas unidades ou modificar as existentes para conseguir os obxectivos establecidos dende o proxecto, de forma xeral existen 2 condicionantes principais para introducir modificacións no proxecto modificado nº 1 respecto do proxecto inicialmente aprobado, estes condicionantes son os seguintes:*

*Semipeatonalización do ámbito: Trala solicitude por escrito dos veciños e hosteleiros da zona de xenerar un ámbito peonil o longo de toda a lonxitude das rúas de proxecto, sen diferenciación de altura entre beirarrúa e calzada, proponse no presente modificado elevar a cota da calzada dos tramos das rúas Irmandiños e Martín Codax que presentaban en proxecto diferenciación de altura, dotándoas de rasante única. Reaxustaranse así mesmo as zonas de aparcamento proxectadas inicialmente e o ancho das beirarrúas. Ademais se colocarán xardineiras baixas na acera par e arbolado, para evitar a invasión das beirarrúas polos vehículos debido a este cambio de sección. O citado reaxuste da sección transversal nalgúns tramos da rúa Irmandiños e Martín Codax provoca así mesmo a necesidade de modificar a tipoloxía de sumidoiro proxectado inicialmente.*

*Execución de redes soterradas de telecomunicacións e de electricidade: Con posterioridade a aprobación do proxecto orixinal, e trala petición das diferentes empresas concesionarias, proponse o soterramento de redes aéreas existentes e a execución das diversas gabias necesarias para a instalación dos tubos.*

#### ORZAMENTO:

Exposto o anterior, hai que resaltar que as variacións supoñen a necesidade de introducir determinadas unidades de obra non comprendidas no proxecto vixente aprobado. En consecuencia, os prezos contradictorios propostos pola dirección facultativa, consecuentes á solución técnica adoptada, atenden ao cadro de prezos de unidades de obra que rixe as obras de inversións da Entidade Concesionaria, aprobado en X.G.L. do 22 de marzo de 2013, e aos prezos xerais do mercado á data de licitación calculados sobre a base do proxecto orixinal aprobado en todo o que se refire a prezos unitarios de man de obra, materiais e maquinaria e aos custos indirectos (6%) dos prezos descompostos.

Estas variacións non provocan modificacións do presuposto económico aprobado, mantendo éste o importe de 527.906,16 €, I.V.E. excluído, quedando xustificado o total do investimento económico, e dando lugar ao presente proxecto Modificado nº 1, sen importe adicional.

As actuacións recollidas no proxecto modificado non varían o prazo de execución previsto no proxecto orixinal, que contempla un prazo de execución de 6 meses a contar dende o inicio das obras.

Polo que, á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe dos directores de obra de data 24 de outubro pasado, e previo informe da oficina de Intervención, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Aprobar o proxecto "MODIFICADO Nº 1 DA OBRA "RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NO ENTORNO DE CHURRUCA", redactado por Galaicontrol, sen importe adicional e co mesmo prazo de execución de seis meses.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **22(1262).- PROPOSTA DE REAXUSTE DE ANUALIDADES DA OBRAS DE REMODELACIÓN DO MERCADO DO BERBÉS. EXPTE. 1585/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.10.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 27.10.14, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos da Área de Fomento, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en Sesión Extraordinaria e Urgente de data 28/12/2012, acordou a adxudicación a Construcciones Ramírez SLU da obra de Remodelación do Mercado do Berbés (Expte 1585/440).

- Con data de 2 de xaneiro de 2013 asínase acta de comprobación de replanteo negativa.
- Con data de 25 de marzo de 2013 asínase acta de comprobación de replanteo positiva.
- Con data de 26 de marzo de 2013 asínase acta de paralización da execución dos traballos.
- Con data de 1 de xullo de 2013 asínase acta de reanudación dos traballos.

A obra ten carácter plurianual segundo o que se indica no seguinte cadro:

Expte. 1.585/440      Remodelación do Mercado do Berbés.

Ano	2012	2013	2014	total
Inicial	478.250,25 €	850.000,00 €	415.656,90 €	1.743.907,15 €

O artigo 96 do R.D. 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións públicas establece o seguinte:

“Artículo 96 Reajuste de anualidades

1. Cuando por retraso en el comienzo de la ejecución del contrato sobre lo previsto al iniciarse el expediente de contratación, suspensiones autorizadas, prórrogas de los plazos parciales o del total, modificaciones en el proyecto o por cualesquiera otras razones de interés público debidamente justificadas se produjese desajuste entre las anualidades establecidas en el pliego de cláusulas administrativas particulares integrado en el contrato y las necesidades reales en el orden económico que el normal desarrollo de los trabajos exija, el órgano de contratación procederá a reajustar las citadas anualidades siempre que lo permitan los remanentes de los créditos aplicables, y a fijar las compensaciones económicas que, en su caso, procedan.
2. Para efectuar el reajuste de las anualidades será necesaria la conformidad del contratista, salvo que razones excepcionales de interés público determinen la suficiencia del trámite de audiencia del mismo y el informe de la Intervención.
3. En los contratos que cuenten con programa de trabajo, cualquier reajuste de anualidades exigirá su revisión para adaptarlo a los nuevos importes anuales, debiendo ser aprobado por el órgano de contratación el nuevo programa de trabajo resultante.”

Dende a data do inicio das obras o Concello de Vigo procedeu a dous reaxustes de anualidades en datas 12/02/13 e 11/04/14, quedando como a continuación se indica:

Ano	2012	2013	2014	2015	Total
Inicial	478.250,25 €	850.000,00 €	415.656,90 €	-	1.743.907,15 €
Reaxuste 12/06/13	478.250,25 €	181.053,09 €	1.084.603,81 €	-	1.743.907,15 €
Reaxuste 11/04/14	478.250,25 €	181.053,09 €	300.000,00 €	784.603,81 €	1.743.907,15 €

En data 16 de abril de 2014 o Concello de Vigo a través do servizo de comercio solicitou acollerse ao programa de subvencións da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia aos concellos galegos para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos (procedemento IN223A-2014, Expte 2014-11).

A subvención foi concedida en data 24 de xullo de 2014 por un importe total de 150.000 euros. Para poder incorporar esta subvención ao expediente faise necesario proceder a un novo reaxuste de anualidades co seguinte detalle:

Ano	2012	2013	2014	2015	Total
Inicial	478.250,25 €	850.000,00 €	415.656,90 €	-	1.743.907,15 €
Reaxuste 12/06/13	478.250,25 €	181.053,09 €	1.084.603,81 €	-	1.743.907,15 €
Reaxuste 11/04/14	478.250,25 €	181.053,09 €	300.000,00 €	784.603,81 €	1.743.907,15 €

Novo reaxuste	478.250,25 €	181.053,09 €	450.000,00 €	634.603'81 €	1.743.907,15 €
---------------	--------------	--------------	--------------	--------------	----------------

Comunicado o reaxuste á empresa afectada ésta en data 29 de setembro de 2014 e según escrito que se achega, da a súa conformidade coas novas anualidades propostas e manifesta que renuncia a calquera tipo de compensación económica.

Por todo o anteriormente exposto, e previo informe da Oficina de Intervención, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA:**

1.- Aprobar a terceira modificación das anualidades do Expte. 1.585/440 - Remodelación do Mercado do Berbés.

Empresa Adxudicataria Construcciones Ramírez, SLU.  
Partida orzamentaria: 4310.632.00.00

Ano	2012	2013	2014	2015	Total
Reaxuste proposto	478.250,25 €	181.053,09 €	450.000,00 €	634.603'81 €	1.743.907,15 €

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**23(1263).- OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES XUVENÍS 2014. EXPTE. 4145/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.10.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 31.10.14, conformado pola concelleira delegada, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión de data 11 de abril de 2014 adoptou o seguinte acordo: Aprobar a Convocatoria específica para a concesión de subvencións para o fomento de actividades xuvenís. Concellaría de Xuventude. Concello de Vigo. 2014, cun orzamento de 7.000€.

A convocatoria foi publicada en diferentes medios da prensa local así como na sección de información municipal, na web do Concello( vigo.org) e na web de xuventude( xuventudevigo.org). A publicación no BOP foi realizada o día 30 de abril de 2014.

Unha vez rematado o prazo de admisión, presentaron solicitude de subvención as seguintes entidades:

Nº1.- Vokalía Xuvenil Asubío CDR Cabral.
Nº2.- Asociación Xuvenil Xentenova.
Nº3.- Asociación Cultural Xuvenil Arcadía.



Nº4.- Asociación xuvenil e cultural Esbozos.
Nº5.- Asociación Xuvenil Xuntanza Xuvenil.
Nº6.- Asociación xuvenil do CSCR de Beade.
Nº7.- Club Freestyle Slalon Vigo.
Nº8.- Casa de Andalucía en Vigo.
Nº9.- Colectivo Cultural Alternativo Malaherva.
Nº10.- Asociación Aboal.
Nº11.- Colectivo Dada.
Nº12.- Trasnos Beisbol Club.
Nº13.- Asociación Xuvenil Altamar.
Nº14.- Club Montañeiros Celtas.
Nº15.- Asociación Xogais.
Nº16.- Vocalía Xuvenil do U.V.C.D de Candeán.
Nº17.- O Noso Vigo.
Nº18.- Colectivo Metamovida ( fora de prazo)

*Analizadas pola Comisión de Valoración as solicitudes presentadas e logo de comprobar que reúnen os requisitos establecidos na base quinta apartado 2, así como a correcta presentación e a correspondente documentación aportada, establecida na base décimo primeira das bases de convocatoria ; quedan excluídas polos motivos especificados as seguintes entidades:*

*1.-Club Freestyle Slalon Vigo.Segundo se establece na Base 5ª apartado 2, o seu proxectode actividades pode ser obxecto doutra convocatoria municipal ( deportes) .A Xunta directiva non está integrada no 100% por mozos/as.*

*2.-Casa de Andalucía en Vigo, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b), das bases xerais da Convocatoria.*

*3.-Colectivo Cultural Alternativo Malaherva, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b), das bases xerais da Convocatoria.*

*4.-Asociación Aboal, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b), das bases xerais da Convocatoria.*

*5.- Colectivo Dadá, por non aportar a documentación requeria na base quinta apartado 4, das bases xerais de convocatoria, logo de serlles requerios por correo electrónico ( achégase copia).*

*6.- Trasnos Beisbol Club, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b), das bases xerais da Convocatoria.*

*7.- Asociación Xuvenil Altamar, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b) e e), das bases xerais da Convocatoria.*

*8.- Club Montañeiros Celtas, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b) das bases xerais da Convocatoria.*

9.- Asociación Xogais, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b), das bases xerais da Convocatoria.

10.- Vocalía Xuvenil da U.V.C.D, os certificados de estar ao corrente coas obrigas non son da Vocalía Xuvenil, senón da U.V.C.D. Presentan dous C.I.F distintos. O Certificado da conta bancaria está a nome da U.V.C.D, logo de serlles requerido por correo electrónico ( achégase copia)

11.- O Noso Vigo, non aporta certificados de cada un dos membros ( por ser grupo de mozos/as), de estar ao corrente coas obrigas, logo de serlles requeridos por correo electrónico ( achégase copia)

12.- Colectivo Metamovida, por presentar a solicitude fora de prazo.

O resto das solicitudes, analizadas pola Comisión de Valoración, cumpren as condicións requiridas nas bases da convocatoria ao respecto dos requisitos e documentación a aportar coa solicitude e proxecto presentados.

E, polo tanto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º- Excluir da lista de admitidos ás seguintes solicitudes polos motivos referidos a continuación:

1.-Club Freestyle Slalon Vigo.Segundo se establece na Base 5ª apartado 2, o seu proxectode actividades pode ser obxecto doutra convocatoria municipal ( deportes).A Xunta directiva non está integrada no 100% por mozos/as.

2.-Casa de Andalucía en Vigo, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b), das bases xerais da Convocatoria.

3.-Colectivo Cultural Alternativo Malaherva, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b), das bases xerais da Convocatoria.

4.-Asociación Aboal, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b), das bases xerais da Convocatoria.

5.- Colectivo Dadá, por non aportar a documentación requeria na base quinta, apartado 4, das bases xerais de convocatoria.

6.- Trasnos Beisbol Club, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b), das bases xerais da Convocatoria.

7.- Asociación Xuvenil Altamar, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b) , das bases xerais da Convocatoria.

8.- Club Montañeiros Celtas, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b) , das bases xerais da Convocatoria.

9.- Asociación Xogais, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b), das bases xerais da Convocatoria.

10.- Vocalía Xuvenil da U.V.C.D, os certificados de estar ao corrente coas obrigas non son da Vocalía Xuvenil, senón da U.V.C.D. Presentan dous C.I.F distintos. O Certificado da conta bancaria está a nome da U.V.C.D.

11.- O Noso Vigo, non aporta certificados de cada un dos membros ( por ser grupo de mozos/as), de estar ao corrente coas obrigas.

12.- Colectivo Metamovida, por presentar a solicitude fora de prazo.

2º- Conceder unha subvención para as seguintes entidades que a continuación se relacionan coa ponderación correspondente. (As valoracións completas realizadas pola Comisión de Valoración pódense consultar no presente expediente no informe de valoración de subvencións que acompaña a Acta da comisión):

<u>ASOCIACIÓN/GRUPO</u>	<u>Puntos</u>	<u>Subvención</u>
ASOCIACIÓN XUVENIL "XUNTANZA XUVENIL" NIF: G36744951 Subvención solicitada: 2000€ Campamento Creativo Estival Nº 10	7,787	1.409 €
ASOCIACIÓN XUVENIL E CULTURAL "ESBOZOS" CIF: G 27755065 Subvención solicitada: 2066,25€ Actividades Xuvenís 2014 nº 11	6,076	1.100 €
ASOCIACIÓN CULTURAL XUVENIL "ARCADIA" CIF: G27750991 Subvención solicitada: 500€ II WARGAME ARCADIA: A batalla pola liberación de galicia nº 13	5,14	500,00€
ASOCIACIÓN XUVENIL "XENTENOVA" CIF: 36636538 Subvención solicitada: 1000€ Proxecto Eixo nº 14	6,289	1000,00€
ASOCIACIÓN XUVENIL DO CSCR DE BEADE CIF: G36851806 Subvención solicitada: 950€ Tiquilando nº 15	7,91	950,00 €
VOCALIA XUVENIL ASUBÍO-CCR CABRAL CIF: V 36658680 Subvención solicitada: 600 € I Gran festa infantil CCR Cabral nº 17	5,57	600,00€

TOTAL PUNTOS DE TODAS AS  
ENTIDADES.....38,772

COEFICIENTE (7.000 EUROS/ SUMA DE PTOS ENTIDADES),  
RELACIÓN 1:1 COEFICIENTE:EURO.....181

TOTAL EUROS A SUBVENCIONAR.....5.559€

Non obstante a Xunta de goberno Local adoptará o acordo que estime máis convinte.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**24(1264).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.